

or4mentos  
2010

MEMORIA DE  
**OBXECTIVOS E PROGRAMAS**



# **MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS**



**ÍNDICE**

<b>GASTO ESTRATÉXICO 2007-2013 .....</b>	<b>7</b>
FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013 .....	7
O GASTO ESTRUTURAL COMUNITARIO DE GALICIA NO ANO 2010 .....	17
AS POLITICAS SECTORIAIS COMUNITARIAS EN GALICIA: O SECTOR PESQUEIRO E O DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE .....	25
<b>OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO .....</b>	<b>31</b>
PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS 2010 .....	31
OBXECTIVOS E PRIORIDADES .....	34
1.- Sanidade .....	36
2. Educación .....	43
3.- Políticas activas de emprego .....	56
4.- Cohesión e benestar social .....	67
5.- Mobilidade e infraestruturas de transporte .....	75
6. Economía do coñecemento .....	82
7.- Dinamización económica .....	90
<b>CADROS .....</b>	<b>105</b>



## PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010. Na súa primeira parte contrástanse estas actuacións coa estrutura de Eixes de intervención e de Programas Operativos definidos no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA).

Galicia atópase no grupo das rexións españolas incluídas no Obxectivo “Convergencia” dos Fondos Estruturais. O MECEGA recolle a síntese do diagnóstico, a estratexia de desenvolvemento rexional e os cadros e modalidades de apoio dos Fondos Estruturais FEDER e FSE, e asume os compromisos de financiamento comunitario coherentes coa achega da C.A. ao Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013.

Exponse a programación de desenvolvemento e de converxencia coa UE, principalmente a través das prioridades comunitarias do FEDER e do FSE. Recóllese así mesmo a inserción da estratexia estrutural por Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2010.

Coa mesma finalidade expóñense as políticas sectoriais da UE para o medio rural e a pesca, a través do FEADER 2007-2013 e do FEP 2007-2013 respectivamente, así como as prioridades de gasto elixidas por Galicia para o ano 2010.

Nunha segunda parte analízase o gasto estratéxico pondo de manifesto as interrelacións existentes entre proxectos-programas e os grandes obxectivos fixados pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas que integran a clasificación funcional dos orzamentos.





## GASTO ESTRATÉXICO 2007-2013

### FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013

O Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA) é o documento de planificación comunitaria que recolle os obxectivos e a estratexia que rexerá a intervención dos Fondos Estruturais e o Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia no período 2007-2013 para alcanzar un maior desenvolvemento económico e social. A contribución dos Fondos comunitarios ao MECEGA representa 4.388,5 millóns de euros (Táboa 1).

Táboa 1. Contribución dos Fondos comunitarios ao **MECEGA 2007-2013** (Millóns euros correntes)

Fondo	Axuda	%
FEDER	2.804,3	63,90
FSE	936,1	21,33
FONDO DE COHESIÓN/FEDER	594,0	13,54
COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA (FEDER)	54,1	1,23
<b>Total MECEGA</b>	<b>4.388,5</b>	<b>100,00</b>

Fonte: elaboración propia.

A continuación expónse o enfoque estratéxico do MECEGA por Eixes de intervención e Programas Operativos.

#### a) Eixes de intervención do MECEGA 2007-2013

O MECEGA 2007-2013 artículase en 8 Eixes prioritarios de intervención e 10 Programas Operativos (POs) en torno aos que xiran os obxectivos e actuacións de carácter estrutural na rexión no actual período de programación comunitario. De seguido detállanse as principais características dos Eixes do MECEGA e a súa vinculación cos Eixes dos POs que o conforman (Táboa 2).

*Eixe 1: Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC).*

Está vinculado directamente co Eixe 1 dos POs FEDER.

A través das actuacións comprendidas dentro deste Eixe, Galicia persegue fortalecer a competitividade das empresas galegas, apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade.

Tamén se levarán a cabo operacións encamiñadas á extensión das infraestruturas da sociedade da información, á promoción do sector TIC en Galicia, xunto co fomento do acceso dos cidadáns, das empresas e a da Administración rexional ás tecnoloxías da información e á comunicación.

Táboa 2. Vinculación xeral dos Eixes MECEGA co FEDER, FSE, COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA e o Fondo Cohesión/FEDER (período 2007-2013)

Eixes FEDER	Eixes FSE	Eixes Coop T Transfronteira	Eixes Cohesión/FEDER	Eixes MECEGA 2007-2013
1 Desenvolvemento da economía do coñecemento, I+D+i, Sociedade da Información, TIC)				1 Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC)
2 Desenvolvemento e innovación empresarial	1 Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	1 Fomento da competitividade e a promoción do emprego		2 Competitividade e fomento empresarial
3 Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos		2 Medio Ambiente, patrimonio e prevención de riscos	2 Medio Ambiente e desenvolvemento sostible COHESIÓN 3 Medio Ambiente e desenvolvemento sostible FEDER	3 Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos
4 Transporte e enerxía		3 Ordenación do territorio e accesibilidade	1 Transportes COHESIÓN 4 Transporte e Enerxía FEDER	4 Transporte e enerxía
5 Desenvolvemento sostible local e urbano	4 Promover a cooperación Transnacional e interrexional	4 Integración socioeconómica e institucional		5 Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo
6 Infraestruturas sociais	2 Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres			6 Empregabilidade e infraestruturas sociais
	3 Aumento e mellora do capital humano			7 Mellora do capital humano
7 Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional	5 Asistencia técnica	5 Asistencia técnica	5 Asistencia técnica COHESIÓN	8 Desenvolvemento institucional e políticas públicas

Fonte: elaboración propia.

*Eixe 2: Competitividade e fomento empresarial.*

Este Eixe está vinculado cos Eixes 2 dos POs FEDER, 1 dos POs FSE e 1 do PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA.

As actuacións previstas teñen como principal destinatario as PEME: a maior parte está especificamente deseñada para axudar a satisfacer as súas necesidades en materia de innovación tecnolóxica e organizativa, internacionalización, acceso a recursos financeiros para o investimento produtivo, servizos tecnolóxicos e de asesoría, etc.

Referente á Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, perséguese fortalecer a competitividade das empresas do espazo transfronteirizo a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade.

*Eixe 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos.*

Está vinculado cos Eixes 3 dos POs FEDER, 2 do PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA e 2 e 3 do PO Cohesión/FEDER.

Este Eixe ten como obxectivo fundamental reforzar o potencial ambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos de forma integrada e racional e establecendo mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais. En liñas xerais, o obxectivo reside no cumprimento dos acordos de Gotemburgo.

Referente á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal o obxectivo é reforzar o potencial ambiental do espazo transfronteirizo como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos de forma integrada e racional e establecendo mecanismos que melloren o actual sistema de tratamento e transporte da auga.

A coordinación de grandes proxectos de abastecemento e de saneamento constitúen o obxectivo do Fondo de Cohesión/FEDER neste Eixe do MECEGA.

*Eixe 4: Transporte e enerxía.*

Está vinculado cos Eixes 4 dos POs FEDER, 3 do PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA e 1 e 4 do PO Cohesión/FEDER.

A través deste Eixe Galicia persegue mellorar a accesibilidade do seu territorio, especialmente por estrada e vía férrea de altas prestacións. Este Obxectivo aglutina dous ámbitos de actuación que se complementan e reforzan mutuamente: por un lado, as intervencións irán encamiñadas a completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a interoperabilidade dos diferentes transportes, e por outro, a continuar fomentando a xeración e produción de enerxías de fontes sostibles e mellorar a eficiencia enerxética.

En canto a Cooperación Transfronteiriza, o territorio conxunto Galicia - Norte de Portugal presenta problemas significativos de dualismo socio-territorial, sendo esencial definir as condicións necesarias para lograr unha maior cohesión das zonas do interior da Eurorrexión respecto das costeiras, así como para potenciar a absorción dos efectos positivos que o Eixe interrexional Vigo-Pontevedra-Valença-Braga-Porto e as súas áreas de influencia en torno ao IC-1 (Valença-V.N. Cerveira-Caminha-Viana do Castelo-Esposende-Porto) puidese transmitir.

É referente ao Fondo de Cohesión/FEDER, ou seu obxectivo é paliar as carencias que ten Galicia en materia de transporte, sobre todo en infraestruturas portuarias e na Rede Ferroviaria de Altas Prestacións.

*Eixe 5: Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo.*

Este Eixe está vinculado cos Eixes 5 dos POs FEDER, 4 dos POs FSE e 4 do PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA.

O desequilibrio existente no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa e o avellantamento da poboación son factores que inciden negativamente sobre o desenvolvemento económico do ámbito galego e as condicións de vida dos seus habitantes. En consecuencia, as actuacións a levar a cabo no marco dos Fondos Estructurais concentrarase na rexeneración económica destas áreas, de modo que se

contribúa ao reequilibrio territorial da rexión e se potencie a actividade económica ligada aos recursos endóxenos, especialmente no ámbito rural.

Referente ao mercado de traballo, neste Eixe fomentarase o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de propostas complementarias e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas.

En canto a cooperación no ámbito da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, promoverase unha maior integración cultural e social entre as poboacións transfronteirizas, impulsando instrumentos de xestión e cooperación de segunda xeración.

*Eixe 6: Empregabilidade e infraestruturas sociais.*

Está vinculado co Eixe 6 dos POs FEDER e co Eixe 2 dos POs FSE.

Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia tratará de aumentar a súa taxa de emprego global e feminino, mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, e de igualdade, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Impulsaranse infraestruturas sociais e educativas nas áreas rurais, con fin de reactivar a súas estruturas produtivas e incrementar os seus niveis de participación na economía rexional.

*Eixe 7: Mellora do capital humano.*

Está vinculado directamente co Eixe 3 dos POs FSE.

Os propósitos fundamentais deste Eixe son incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade, en coherencia coas esixencias da Estratexia de Lisboa.

Para iso, está previsto poñer en marcha diferentes medidas que loiten contra a alta taxa de abandono escolar, así como de reforzo da formación secundaria e da

formación profesional, de desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e da innovación, e de potenciación dos vínculos entre o sistema educativo e a empresa privada.

*Eixe 8: Desenvolvemento institucional e políticas públicas.*

Está vinculado cos Eixes de Asistencia técnica, o 7 dos POs FEDER, o 5 dos POs FSE, o 5 do PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA e o 5 do PO Cohesión/FEDER.

Este Eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para unha boa xestión da programación e para o seguimento e control das actuacións. Así mesmo, impulsará actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade dos POs, así como a celebración de seminarios e realización de estudos, auditorías e as avaliacións externas correspondentes. Tamén contemplarase o financiamento de intercambios de experiencias e boas prácticas, así como o reforzo de políticas públicas institucionais de Galicia e do espazo conxunto transfronteirizo.

O investimento previsto do MECEGA en Galicia alcanza 6.029,5 millóns de euros en custo total, onde o Eixe 4 “Transporte e Enerxía” é o de maior importe (31,65 % do total) (Táboa 3).

*Táboa 3. Investimento estimado do MECEGA 2007-2013 por Eixes (Millóns euros, custo total)*

<b>Eixe</b>	<b>Denominación</b>	<b>Custo total</b>	<b>%</b>
1	Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC)	1.122,1	18,61
2	Competitividade e fomento empresarial	911,1	15,11
3	Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	883,4	14,65
4	Transporte e enerxía	1.908,2	31,65
5	Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo	352,7	5,85
6	Empregabilidade e infraestruturas sociais	635,0	10,53
7	Mellora do capital humano	172,2	2,86
8	Desenvolvemento institucional e políticas públicas	44,9	0,74
<b>Total MECEGA</b>		<b>6.029,5</b>	<b>100</b>

*Fonte: elaboración propia*

## b) Programas Operativos do MECEGA 2007-2013

Os Programas Operativos que materializarán o gasto estratéxico comunitario que se investirá en Galicia no período 2007-2013 son 10, 4 deles cofinanciados polo FEDER, 4 polo FSE, 1 polo Fondo de Cohesión/FEDER, e 1 pola Cooperación Territorial Transfronteiriza (FEDER) (Táboa 4).

Táboa 4. Desglose do MECEGA 2007-2013 por POs, segundo Axuda e Custo total (Millóns euros)

POs / MECEGA	Axuda	Custo total	% Custo t / MECEGA
PO FEDER GALICIA	2.191,5	3.172,2	52,61
PO DE ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO FEDER	199,9	285,2	4,73
PO I+D+i POR E PARA O BENEFICIO DAS EMPRESAS FONDO TECNOLÓXICO FEDER	405,6	578,5	9,59
PO ASISTENCIA TECNICA FEDER	7,3	9,1	0,15
PO FSE GALICIA	358,5	448,1	7,43
PO LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN FSE	30,9	38,6	0,64
PO ADAPTABILIDADE E EMPREGO FSE	542,6	678,2	11,25
PO ASISTENCIA TECNICA FSE	4,1	5,1	0,08
PO FONDO DE COHESIÓN/FEDER	594,0	742,5	12,31
PO COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA FEDER	54,1	71,9	1,19
<b>Total MECEGA</b>	<b>4.388,5</b>	<b>6.029,5</b>	<b>100</b>

Fonte: elaboración propia.

#### Programa Operativo FEDER Galicia.

O FEDER en Galicia centrará as súas intervencións en apoiar o desenvolvemento sostible e integrado, a nivel rexional e local, mediante a mobilización e mellora da capacidade endóxena a través de actuacións de modernización e diversificación das estruturas económicas e a creación e preservación de emprego sostible, contribuíndo fundamentalmente ao impulso da I+D+i, da competitividade, do transporte e da enerxía, das infraestruturas sociais e do medio ambiente.

Este PO ten carácter rexional, e será xestionado pola Xunta e máis pola AGE, a través de 7 Eixes prioritarios de intervención.

*Programa Operativo Investigación, desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das empresas.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional, é unha consecuencia do Acordo do Consejo Europeo de Bruselas de dotar cun fondo tecnolóxico as rexións menos desenvolvidas da UE.

É complementario ás actuacións que se levarán a cabo na Comunidade Autónoma referente aos programas de apoio ás infraestruturas tecnolóxicas, ás empresas innovadoras e á implementación de sistemas innovadores no tecido produtivo. Por iso o obxectivo que plantexa este PO é o impulso de novos comportamentos innovadores entre sectores máis amplos que os contemplados nos POs das rexións, en particular o número de PEME que levan a cabo estas actividades, así como contribuír a unha mellora do sistema de I+D+i rexional e nacional.

En Galicia as actuacións previstas materializaranse a través de 2 Eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AGE.

*Programa Operativo Economía baseada no coñecemento.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional, busca impulsar as actuacións de I+D e da Sociedade da Información, de forma complementaria e innovadora ás contempladas nos POs rexionais do FEDER. Trátase de impulsar actuacións de forte demanda empresarial, tales como proxectos innovadores de I+D+i, creación de empresas innovadoras, etc., así como promocionar outras profesións que contribúan a incrementar o nivel de innovación e competitividade, como é o caso da figura do xestor da innovación a nivel de empresa ou de agrupación de empresas.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de 2 Eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AGE.

*Programa Operativo Asistencia técnica FEDER.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional con aplicación na totalidade das rexións españolas, ten como obxectivo proporcionar un apoio técnico e



administrativo ás autoridades de xestión, certificación e auditoría no desenvolvemento das súas respectivas funcións durante o período de programación.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través dun Eixe prioritario de intervención que será xestionado pola AGE.

*Programa Operativo FSE Galicia.*

O FSE en Galicia contribuirá a executar os obxectivos da Comunidade Autónoma relativos ao reforzo da cohesión económica e social, mellorando as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo. Por iso, atenderá ás prioridades en materia de educación e formación, ao incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, á loita contra a exclusión social, en particular de grupos desfavorecidos, tales como as persoas con discapacidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e á non discriminación.

Este PO, que ten carácter rexional, será xestionado pola Xunta a través de 5 Eixes prioritarios de intervención.

*Programa Operativo Adaptabilidade e emprego.*

O obxectivo de este PO, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, é afianzar a estabilidade no emprego, mellorar a adaptabilidade de todos os traballadores e fomentar a iniciativa empresarial integrando a perspectiva de xénero. Pretende mellorar as condicións de vida dos traballadores, facilitándolles o acceso, a integración e a permanencia no mercado de traballo, tendo en conta as necesidades das mulleres e dos homes e eliminando as desigualdades existentes. Irá orientado a mellorar o sistema de formación, así como o fomento da I+D+i.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de 5 Eixes prioritarios de intervención que serán xestionados pola AGE.

*Programa Operativo Loita contra a discriminación.*

Este programa, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, pretende combater a discriminación en un dobre aspecto: a que existe entre xéneros e a existente en certos colectivos que se atopan excluídos ou en risco de exclusión do mercado laboral. Impulsaranse accións específicas para mulleres e tamén outras dirixidas a mulleres e homes, a entidades públicas ou privadas e ás ONGs. Ao mesmo tempo, outras accións irán orientadas a colectivos que están en risco de exclusión social ou laboral, como persoas con discapacidade, inmigrantes, reclusos, de etnia xitana e outros colectivos.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de 3 Eixes prioritarios de intervención que serán xestionados pola AGE.

*Programa Operativo Asistencia técnica FSE.*

Este programa, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, contempla accións de apoio á autoridade de xestión, de auditoría e de certificación, en materia de emprego, formación, igualdade de oportunidades e medio ambiente, entre outros, co obxecto de contribuír á consecución dos obxectivos da Unión Europea en relación co emprego e a inclusión social.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de dous Eixes prioritarios de intervención que serán xestionados pola AGE.

*Programa Operativo Fondo de Cohesión/FEDER.*

O Fondo de Cohesión ten como obxectivo para o período 2007-2013 contribuír aos investimentos no ámbito do medio ambiente e nas redes de transporte transeuropeas e intégrase na programación da axuda de finalidade estrutural, en aras dunha maior coherencia na intervención dos diversos fondos.

Este PO ten carácter nacional, e será xestionado pola AGE, a través de 5 Eixes prioritarios de intervención, 3 deles financiados polo Fondo de Cohesión e 2 polo FEDER.

As actuacións previstas en Galicia realizaranse no AVE Ourense-Santiago e nos portos de Langosteira, Bouzas, Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

*Programa Operativo de Cooperación Territorial Transfronteiriza España-Portugal (FEDER). Area de Cooperación Galicia-Norte de Portugal.*

O PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza España-Portugal abarca un territorio composto por 17 NUT III fronteirizas, articulado en 5 Áreas de cooperación. Trátase, polo tanto, dun programa cunha forte incidencia territorial e, en menor escala, poboacional.

A Comunidade Autónoma galega forma parte da Área de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, que será xestionada pola Xunta e pola AGE, fundamentalmente a través dos ámbitos relacionados co mar, coa internalización das PEME da Eurorrexión, coa protección do medio ambiente, e co fomento da cooperación e integración social e institucional.

As 5 NUT III fronteirizas na Área de Cooperación Galicia-Norte de Portugal son: Pontevedra, Minho-Lima, Cádavo, Ourense e Alto Trás-os-Montes; aos que se engaden os NUT III adxacentes que no caso de Galicia son A Coruña e Lugo, e na parte Norte de Portugal son a Área Metropolitana do Porto, Ave, Támega e Douro.

## **O GASTO ESTRUTURAL COMUNITARIO DE GALICIA NO ANO**

### **2010**

As axudas máis importantes da programación comunitaria 2007-2013 da política de cohesión na Comunidade Autónoma de Galicia procede dos Fondos Estruturais FEDER e FSE (MECEGA), aos que haberá que sumarlle ao longo do período os investimentos que se cofinancien cos demais programas de Cooperación Territorial.

O gasto estrutural comunitario que consta nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010 alcanza en termos de Axuda o importe de 197.391.438 euros, abarcando aos Programas Operativos de FEDER Galicia e FSE

Galicia (recollidos no MECEGA), e os de Cooperación Territorial Espazo Atlántico e Espazo Sudoeste Europeo (Táboa 5).

*Táboa 5. Distribución da Axuda estrutural comunitaria por Programas Operativos nos Presupostos 2010*

<b>Programas Operativos / Axuda</b>	<b>euros</b>
PO FEDER Galicia	144.903.723,00
PO FSE Galicia	51.174.400,00
<b>Subtotal MECEGA</b>	<b>196.078.123,00</b>
PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Atlántico	669.377,00
PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Sudoeste Europeo	643.938,00
<b>Subtotal Cooperación Territorial</b>	<b>1.313.315,00</b>
<b>Total Axuda Estrutural ppto. 2010</b>	<b>197.391.438,00</b>

*Fonte: elaboración propia*

A anualidade presupostada do PO FEDER correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2010, repartida por eixes e órganos xestores da Xunta (Táboa 6) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 144,9 millóns de euros. Segundo o establecido no artigo 9. 3 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, a contribución da Axuda do PO FEDER Galicia ao logro do Obxectivo de Lisboa, cun importe de 104,21 millóns de euros (72 %), supera o umbral do 60% establecido como mínimo para as rexións Obxectivo Converxencia.

Nótase o impulso que se dá nestes orzamentos do FEDER ao aumento da capitalización tecnolóxica e humana da economía galega, traducido na suma dos importes dos Eixes 1 e 2, relacionados respectivamente co desenvolvemento da economía do coñecemento e coa innovación empresarial, con 58,42 millóns de euros, que representan o 40,32 % do FEDER total. Tamén destacan o importe do Eixe 4, con 42,07 millóns de euros, que esta relacionado co transporte e a enerxía, e o importe do Eixe 3, con 26,53 millóns de euros, que está relacionado co medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos.

Táboa 6. Distribución da Axuda do PO FEDER Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorías de gasto e órganos xestores no presuposto 2010 (euros)

Eixe e denominación	OF MECEGA	OI MECEGA	Categoría de Gasto	Órgano Xestor	Contribución a Lisboa	Presuposto 2010
1.- Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i)	2	5	1	DX Investig Desenvol e Innovac	3.119.679	3.119.679
				SX de Universidades	2.045.404	2.045.404
	2	7	2	SX de Universidades	1.513.671	1.513.671
	2	5	3	DX Investig Desenvol e Innovac	747.009	747.009
				SX de Universidades	747.010	747.010
	2	6	7	DX Investig Desenvol e Innovac	3.045.535	3.045.535
				IGAPE	1.259.008	1.259.008
	2	7	10	SX de Moderniz e Innovac Tecnol	2.493.310	2.493.310
				SX de Medios	1.508.696	1.508.696
	2	7	11	SX de Moderniz e Innovac Tecnol	2.705.073	2.705.073
				CIXTEC	700.000	700.000
	2	7	13	DX Administración Local	1.510.546	1.510.546
				SX de Moderniz e Innovac Tecnol	2.409.474	2.409.474
				SX C Educación e OU	2.715.499	2.715.499
			SX C Sanidade	2.910.406	2.910.406	
	2	7	14	SX de Moderniz e Innovac Tecnol	989.299	989.299
<b>Subtotal Eixe 1</b>					<b>30.419.619</b>	<b>30.419.619</b>
2.- Desenvolvemento e innovación empresarial	4	2	6	SX de Calidade e Av Ambient	2.880.875	2.880.875
	1	8	8	IGAPE	11.938.565	11.938.565
				SX do IGVS	3.319.765	3.319.765
	2	6	9	DX Investig Desenvol e Innovac	2.268.853	2.268.853
				IGAPE	6.022.420	6.022.420
				DX de Comercio	1.574.517	1.574.517
<b>Subtotal Eixe 2</b>					<b>28.004.995</b>	<b>28.004.995</b>
3.- Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos	4	2	44	SX de Calidade e Av Ambient	0	3.937.387
	4	2	45	EP Obras e Serv Hidráulicos	2.107.188	2.107.188
	4	2	46	EP Obras e Serv Hidráulicos	11.658.814	11.658.814
	4	2	47	SX de Calidade e Av Ambient	0	1.084.686
	4	2	48	SX de Calidade e Av Ambient	0	977.988
	1	14	50	SX de Calidade e Av Ambient	0	304.790
	1	14	51	DX Conserv Natureza	0	3.170.093
	4	2	53	EP Obras e Serv Hidráulicos	0	1.429.934
				SX de Calidade e Av Ambient	0	898.569
				DX Emerxencia e Interior	0	321.837
	4	2	55	DX Conserv Natureza	0	643.674
<b>Subtotal Eixe 3</b>					<b>13.766.002</b>	<b>26.534.960</b>
4.- Transporte e enerxía	1	1	20	DX Infraestruturas	16.301.500	16.301.500
	1	1	23	DX Infraestruturas	0	5.567.714
	1	1	25	DX Mobilidade	0	1.095.985
	1	1	26	DX Mobilidade	4.792.194	4.792.194
	1	1	30	EP Portos de Galicia	2.313.816	2.313.816
	4	4	33	DX Industria Enerxía e Minas	0	3.538.092
	4	4	35	DX Industria Enerxía e Minas	0	383.595
	4	4	37	DX Industria Enerxía e Minas	0	383.595
	4	4	40	INEGA	1.314.793	1.314.793
	4	4	41	INEGA	1.601.119	1.601.119
	4	4	43	INEGA	1.168.848	1.168.848
4	3	52	DX Mobilidade	3.614.254	3.614.254	
<b>Subtotal Eixe 4</b>					<b>31.106.524</b>	<b>42.075.505</b>
5.- Desenvolvemento sostible local e urbano	4	2	56	DX Conserv Natureza	0	2.360.283
	4	15	57	EP Portos de Galicia	0	1.289.351
				SX para o Turismo	0	3.351.183
	4	2	58	DX Administración Local	0	1.100.000
				DX Patrimonio Cultural	0	1.579.556
				SX do IGVS	0	1.100.000
4	15	59	DX Promoción e Difusión da Cultura	0	1.807.080	
<b>Subtotal Eixe 5</b>					<b>0</b>	<b>12.587.453</b>
6.- Investimento en infraestruturas sociais	3	11	75	SX C Educación e OU	0	2.211.482
	3	13	76	DX Saúde Pública e Planif Sanitar	0	451.789
	4	15	77	SX de Familia e Benestar	914.854	914.854
	4	15	79	SX C de Traballo e Benestar	0	711.963
				SX de Igualdade	0	180.207
<b>Subtotal Eixe 6</b>					<b>914.854</b>	<b>4.470.295</b>
7.- Asistencia técnica	2	12	85	DX Planificación e Fondos	0	405.448
	2	12	86	DX Planificación e Fondos	0	405.448
<b>Subtotal Eixe 7</b>					<b>0</b>	<b>810.896</b>
<b>Total Axuda PO FEDER Galicia no ppto. 2010</b>					<b>104.211.994</b>	<b>144.903.723</b>

Entre as categorías de gasto do FEDER no presuposto de 2010 destacan as seguintes:

- A categoría de gasto 20 (Eixe 4), con 16.301.500 euros, que está relacionada coa ampliación da rede de autoestradas e autovías e mellora da seguridade vial das estradas existentes, que supón o 11,25 % do total do FEDER,
- A categoría de gasto 8 (Eixe 2), con 15.258.330 euros, que está relacionada co apoio aos investimentos en empresas, a través de programas de incentivos á creación de empresas, de plans de axuda á mellora tecnolóxica, da promoción exterior das empresas galegas, de fomento de plataformas loxísticas, de creación de parques empresariais, de elaboración de plans estratéxicos, etc, que representa o 10,53 % do total do FEDER, e
- A categoría de gasto 46 (Eixe 3), con 11.658.814 euros, relacionada con actuacións de saneamento e depuración de augas residuais e plantas de tratamento, que representa o 8,05 % do total do FEDER.

**A anualidade presupostada do PO FSE** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2010, repartida por Eixes e órganos xestores (Táboa 7) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 51,17 millóns de euros.

A contribución da Axuda do PO FSE de Galicia ao Obxectivo de Lisboa alcanza 48,27 millóns de euros, que representa o 94,32% do total. A esixencia regulamentaria é do 60%.

Nestes orzamentos do FSE para o ano 2010 o gasto máis elevado sitúase no Eixe 3, dirixido ao aumento e mellora do capital humano, con 17,9 millóns de euros, que supón o 35%. As cantidades asignadas aos eixes 1 (mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios) e 2 (fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres) son similares, en torno aos 15 millóns de euros cada un, o que supón entre os dous eixes o 60 % do total FSE presupostado.

Táboa 7. Distribución da Axuda do PO FSE Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorias de gasto e órganos xestores no presuposto 2010 (euros)

Eixe e denominación	OF MECEGA	OI MECEGA	Categoría de Gasto	Órgano Xestor	Contribución a Lisboa	Presuposto 2010	
1.- Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	3	10	62	DX Formación e Colocación	1.157.278	1.157.278	
				DX Promoción do Emprego	1.253.990	1.253.990	
				DX Relacións Laborais	500.000	500.000	
				IGAPE	959.496	959.496	
	3	10	63	DX I+D+I	1.368.270	1.368.270	
				DX Promoción do Emprego	4.011.901	4.011.901	
				IGAPE	1.063.258	1.063.258	
	3	10	64	DX Formación e Colocación	2.854.015	2.854.015	
	3	10	68	DX Promoción do Emprego	2.184.111	2.184.111	
	<b>Subtotal Eixe 1</b>					<b>15.352.319</b>	<b>15.352.319</b>
2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	3	11	65	DX Formación e Colocación	397.385	397.385	
				DX Relacións Laborais	264.923	264.923	
	3	13	66	DX Formación e Colocación	1.346.193	1.346.193	
				DX Promoción do Emprego	3.085.831	3.085.831	
	3	9	69	DX Promoción do Emprego	995.700	995.700	
				SGI	2.957.784	2.957.784	
				DX I+D+I	411.822	411.822	
				SX da Igualdade	709.425	709.425	
	3	9	70	DX Formación e Colocación	920.003	920.003	
	3	9	71	DX Promoción do Emprego	700.000	700.000	
				SGI	950.485	950.485	
				SX de Familia e Benestar	1.799.572	1.799.572	
	1	14	80	DX Dependencia e Autonom persoal	467.213	467.213	
				DX Promoción do Emprego	0	345.984	
<b>Subtotal Eixe 2</b>					<b>15.006.336</b>	<b>15.352.320</b>	
3.- Aumento e mellora do capital humano	3	11	72	DX Formación e Colocación	2.537.870	2.537.870	
				SGI	517.369	517.369	
				DX Educación, FP e Innovac Educat	7.925.107	7.925.107	
				SX C de Mar	1.184.118	1.184.118	
				DX Innov e Industrias Agrar e Forest	791.049	791.049	
	3	11	73	DX Educación, FP e Innovac Educat	2.299.945	2.299.945	
	3	11	74	DX I+D+I	1.945.578	1.945.778	
				SX de Universidades	709.804	709.804	
	<b>Subtotal Eixe 3</b>					<b>17.910.840</b>	<b>17.911.040</b>
	4.- Promover a cooperación transnacional e interrexional	1	16	80	DX Formación e Colocación	0	165.901
DX I+D+I					0	206.960	
SX de Universidades					0	256.960	
DX Relacións Laborais					0	301.059	
IGAPE					0	267.489	
SX da Igualdade					0	213.729	
SGI					0	23.135	
SX Familia e Benestar					0	100.000	
<b>Subtotal Eixe 4</b>					<b>0</b>	<b>1.535.233</b>	
5.- Asistencia técnica	2	12	85	DX Planificación e Fondos	0	511.744	
	2	12	86	DX Planificación e Fondos	0	511.744	
	<b>Subtotal Eixe 5</b>					<b>0</b>	<b>1.023.488</b>
<b>Total Axuda PO FSE Galicia ppto 2010</b>					<b>48.269.495</b>	<b>51.174.400</b>	

Fonte: elaboración propia.

Entre as categorías de gasto do FSE no presuposto de 2010 destacan as seguintes:

- A categoría de gasto 72 (Eixe 3), con 12.955.513 euros, relacionada coa aplicación de reformas nos sistemas de educación e formación para fomentar a empregabilidade,

a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento, que supón o 25,32 % do total do FSE presupostado,

- A categoría de gasto 63 (Eixe 1), con 6.443.429 euros, vinculada coa promoción do emprego estable e de calidade e a difusión de formas innovadoras de organización laboral que sexan máis produtivas, que representa o 12,59 % do total do FSE presupostado, e

- A categoría de gasto 69 (Eixe 2), con 5.074.731 euros, que busca favorecer a conciliación entre a vida laboral e persoal e impulsar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que supón o 9,92% do total do FSE presupostado.

A contribución conxunta do PO FEDER e do PO FSE **aos Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA** no presuposto 2010 ascende a 196,08 millóns de euros en termos de axuda (Táboa 8).

Obsérvase que cada un dos Obxectivos Finais do MECEGA sobrepasa o 20% do gasto estrutural comunitario que a Xunta cofinanciará cos fondos FEDER e FSE nos presupostos da comunidade Autónoma para o 2010, o que é coherente coa estratexia da política de cohesión da UE para o período 2007-2013.

Os obxectivos orientados a dinamizar a economía rexional e a reforzar a competitividade do tecido produtivo galego absorben o 47% do total dos Fondos Estruturais, OF 1 e OF 2. Dentro destes dous Obxectivos Finais, as medidas dirixidas ao apoio ao investimento empresarial na súa proxección internacional e no acceso ao financiamento, ao fomento da innovación empresarial e as orientadas a fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico reciben o 39% do total de recursos nestes dous Eixes (o 18,40% do total dos fondos). Tamén presentan un peso moi significativo no total, os fondos destinados a financiar redes transeuropeas de transporte, a impulsar a intermodalidade e a mellorar a accesibilidade (un 15,33% do total dos fondos) e os destinados á extensión e difusión das tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas lóxicas (un 9,92% do total dos fondos).



Táboa 8. Grao de contribución da axuda presupostada FEDER e FSE no 2010 aos Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA 2007-2013 (euros)

Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA	FEDER	FSE	TOTAL	%
<b>OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.</b>				
OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.	30.071.209		30.071.209	15,34
OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.	15.258.330		15.258.330	7,78
OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	3.474.883	345.984	3.820.867	1,95
OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.		1.535.233	1.535.233	0,78
<b>Subtotal OF 1</b>	<b>48.804.422</b>	<b>1.881.217</b>	<b>50.685.639</b>	<b>25,85</b>
<b>OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.</b>				
OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	6.659.102		6.659.102	3,40
OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	14.170.333		14.170.333	7,23
OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas lóxicas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	19.455.974		19.455.974	9,92
OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	810.896	1.023.488	1.834.384	0,94
<b>Subtotal OF 2</b>	<b>41.096.305</b>	<b>1.023.488</b>	<b>42.119.793</b>	<b>21,48</b>
<b>OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.</b>				
OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.		9.912.004	9.912.004	5,06
OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.		15.352.319	15.352.319	7,83
OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	2.211.482	18.573.348	20.784.830	10,60
OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.	451.789	4.432.024	4.883.813	2,49
<b>Subtotal OF 3</b>	<b>2.663.271</b>	<b>48.269.695</b>	<b>50.932.966</b>	<b>25,98</b>
<b>OF 4: REFORZAR A SINERXIA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.</b>				
OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	33.370.142		33.370.142	17,02
OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan a mobilidade sostible.	3.614.254		3.614.254	1,84
OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	8.390.042		8.390.042	4,28
OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.	6.965.287		6.965.287	3,55
<b>Subtotal OF 4</b>	<b>52.339.725</b>	<b>0</b>	<b>52.339.725</b>	<b>26,69</b>
<b>TOTAL MECEGA ppto. 2010</b>	<b>144.903.723</b>	<b>51.174.400</b>	<b>196.078.123</b>	<b>100</b>

Fonte: elaboración propia.

O 53% restante dos fondos neste exercicio orzamentario destínase a actuacións dirixidas a incidir no mercado de traballo galego (26%) e ás relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible (27%), OF 3 e OF 4 respectivamente.

No primeiro caso dedícase o 71% dos recursos (o 18,43% do total dos fondos estruturais) ás medidas orientadas a mellorar as cualificacións e adecuacións da formación dos traballadores ás necesidades do tecido produtivo galego.

Por último, as medidas dirixidas a reforzar o potencial medioambiental como vehículo para o desenvolvemento económico sostible absorben algo máis do 63% do orzamento do obxectivo 4 (17% do total dos fondos estruturais) e as orientadas á redución da dependencia enerxética supoñen un 16% do total dos recursos (o 4,28% do total dos fondos).

A anualidade presupostada para o ano 2010 do **PO Cooperación Territorial Espazo Atlántico 2007-2013** ascende a 669.377 euros (Táboa 9).

O Eixe 1, relacionado coa iniciativa empresarial transnacional e as redes de innovación, é o que presenta un maior presuposto, con 469.006 euros, que supón o 70% do total da Axuda FEDER. Entre os proxectos presupostados destaca “Ultreia” (Eixe 4), cun montante de 118 miles de euros de Axuda.

Táboa 9. Distribución da Axuda FEDER do PO Espazo Atlántico 2007-2013 por Eixes, Prioridades e Proxectos no presuposto 2010 (euros)

Eixe	Denominación	Prioridade	Proxecto	Órgano Xestor	Presuposto 2010
1	Promover redes transnacionais empresariais e de innovación	1.1	Atlant-Kis	DX de I+D+i	103.366,00
		1.2	Auxnavalia	DX de I+D+i	102.775,00
		1.3	Atventure	IGAPE	62.740,00
		1.3	Atclursters	IGAPE	66.505,00
		1.3	Nea 2	DX Desenvolvemento Pesqueiro	26.000,00
		1.3	Cantata 2	DX Desenvolvemento Rural	107.620,00
<b>Subtotal Eixe 1</b>					<b>469.006,00</b>
4	Valorar as sinerxias transnacionais en materia de desenvolvemento urbano e rexional sostible	4.3	Ultreia	Secretaría Xeral para o Turismo	118.345,00
		4.3	Dorna	DX Desenvolvemento Pesqueiro	82.026,00
		<b>Subtotal Eixe 4</b>			
<b>Total Axuda Espazo Atlántico ppto. 2010</b>					<b>669.377,00</b>

Fonte: elaboración propia.

A anualidade presupostada para o ano 2010 do **PO Espazo Sudoeste Europeo 2007-2013** ascende a 643.938 euros (Táboa 10).

O Eixe 4, relacionado co desenvolvemento urbano sostible é o que presenta un maior presuposto con 223.811 euros, que supón o 34,75 % do total da Axuda FEDER. Entre os proxectos presupostados destaca o “Sudoeop” (eixe 3), con 182 miles de euros de Axuda.

Táboa 10. Distribución da Axuda FEDER do PO Espazo Sudoeste Europeo 2007-2013 por Eixes, Prioridades e Proxectos no presuposto 2010 (euros)

Eixe	Denominación	Prioridade	Proxecto	Órgano Xestor	Presuposto 2010
		1.3	Termared	Secretaría Xeral para o Turismo	38.078,00
<b>Subtotal Eixe 1</b>					<b>38.078,00</b>
2	Mellora da sostibilidade para a protección e conservación do medio e o contorno natural do SUDOESTE	2.53	Adaptaclima	Instituto Galego da Vivenda e Solo	146.675,00
		2.53	Adaptaclima	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	53.000,00
		<b>Subtotal Eixe 2</b>			
3	Integración harmoniosa do espazo do SUDOESTE e mellora da accesibilidade ás redes de información	3.13	Sudoeop	DX Educación, F.P. e Innovación Educativa	182.374,00
		<b>Subtotal Eixe 3</b>			
4	Impulsar o desenvolvemento urbano sostible aproveitando os efectos positivos da cooperación transnacional	4.57	Viajando por Besanas	Secretaría Xeral para o Turismo	90.479,00
		4.58	Loci Iacobi	Secretaría Xeral para o Turismo	133.332,00
		<b>Subtotal Eixe 4</b>			
<b>Total Axuda Espazo Sudoeste ppto 2010</b>					<b>643.938,00</b>

Fonte: elaboración propia.

## AS POLITICAS SECTORIAIS COMUNITARIAS EN GALICIA: O SECTOR PESQUEIRO E O DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

O Fondo Europeo de Pesca (FEP) 2007-2013 créase para garantir a viabilidade do sector europeo da pesca e a acuicultura, substituindo a partir de 2007 ao antigo IFOP.

O FEP está deseñado para servir de ferramenta de apoio á sostibilidade do sector, mediante axudas que fomentarán e acompañarán o axuste das flotas pesqueiras aos recursos dispoñibles (en particular, cando se atopen en perigo as poboacións de peixes) e o desenvolvemento da acuicultura. A dimensión ambiental tamén queda reforzada, a través dun grupo de medidas para promover o carácter selectivo das actividades e reducir o impacto negativo da pesca e a acuicultura no medio ambiente.

O Fondo tamén dedica maior atención aos recursos humanos do sector, proporcionando respostas axeitadas ás necesidades económicas e sociais dos traballadores. O financiamento de estratexias de desenvolvemento local, concibidas e postas en práctica polos propios interesados, permitirá que o FEP realice unha contribución maior ao desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras (en especial, cando estas manifesten unha forte dependencia das actividades do sector).

O FEP centra a súa actuación en cinco ámbitos prioritarios (Eixes), que responden á súa misión de contribuír á aplicación das medidas adoptadas no marco da reforma da Política Pesqueira Común (PPC) para garantir a sostibilidade da pesca nos planos económico, social e medioambiental.

A Táboa 11 recolle a distribución da Axuda comunitaria FEP Galicia por Eixes, medidas e órganos xestores da Xunta no presuposto do ano 2010 (68,9 millóns de euros).

Destaca o gasto presupostado no Eixe 2, vinculado coa acuicultura, transformación e comercialización, que con 27,11 millóns de euros é o de maior importe e representa o 39,4% do total da Axuda presupostada. Tamén sobresaie o Eixe 3, relacionado coas medidas de interese público colectivo (19,9 millóns de euros, 28,9% de representación) seguido do Eixe 1 (17,2 millóns de euros, 24,9% do total da Axuda presupostada). E no Eixe 4 (4,2 millóns de euros, 6,1%), impulsarase o desenvolvemento das 7 zonas delimitadas do litoral e os 7 Grupos de acción costeira creados.

Táboa 11. Distribución da Axuda PO FEP Galicia por eixes, medidas e órganos xestores no presuposto 2010 (euros)

Eixe e Denominación	Medidas	Órgano Xestor	Presuposto 2010
1.- Adaptación da flota comunitaria	1.1	DX Competitividade	7.715.000
	1.2		713.200
	1.3		1.331.274
	1.4		729.800
	1.5		6.674.941
<b>Subtotal Eixe 1</b>			<b>17.164.215</b>
2.- Acuicultura, Transformación e Comercialización	2.1	DX Competitividade	6.100.000
	2.3		21.017.602
<b>Subtotal Eixe 2</b>			<b>27.117.602</b>
3.- Medidas de interese público colectivo	3.1.1	DX de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños	3.873.500
	3.1.2		10.065.000
	3.2.1		586.820
	3.3	DX de Desenvolvemento Pesqueiro	2.617.385
	3.4	DX Competitividade	1.995.405
	3.5		639.130
3.6	DX de Desenvolvemento Pesqueiro	162.565	
<b>Subtotal Eixe 3</b>			<b>19.939.805</b>
4.- Desenvolvemento sostible das zonas costeiras	4.1	DX de Desenvolvemento Pesqueiro	4.201.171
<b>Subtotal Eixe 4</b>			<b>4.201.171</b>
5.- Asistencia técnica	5.1	DX Competitividade	485.867
<b>Subtotal Eixe 5</b>			<b>485.867</b>
<b>TOTAL Axuda FEP ppto.2010</b>			<b>68.908.660</b>

Fonte: elaboración propia.

Entre as medidas de gasto do FEP no presuposto de 2010 destacan as seguintes:

- A medida 2.3 (Eixe 2), con 21.017.602 euros, que busca dispoñer dunha estrutura produtiva e de distribución axeitada, moderna, e que mellore a rendibilidade da empresa coa aplicación das novas tecnoloxías, que supón o 30,5% do total do FEP presupostado.
- A medida 3.1.2 (Eixe 3), con 10.065.000 euros que, a través do emprendemento de accións colectivas trata de mellorar o control sobre os parámetros de calidade dos produtos da pesca e da acuicultura e apoiar as organizacións de produtores no seus plans de funcionamento futuro, representa o 14,6% do total da Axuda FEP 2010.
- A Medida 1.1 (Eixe 1), con 7.715.000 euros, vinculada coa paralización definitiva de actividades pesqueiras, que supón o 11,19% do total da Axuda presupostada.

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) 2007-2013 pretende a promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a Comunidade Autónoma

como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agrícola común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A Axuda comunitaria ao desenvolvemento do medio rural contribuirá a aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante axudas á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación, a mellorar o medio ambiente e o medio rural mediante axudas á xestión das terras, a mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

Os obxectivos establecidos aplicaranse fundamentalmente no ano 2010 por medio dos Eixes e órganos xestores relacionados na Táboa 12.

A anualidade presupostada da Axuda FEADER correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia no 2010 ascende a 127,4 millóns de euros.

Destaca o gasto no Eixe 1, relacionado co aumento da competitividade do sector agrícola, con apoio especial ás explotacións e empresas lácteas, e forestal, que con 59,3 millóns de euros supón o 46,5% do total da Axuda FEADER. Tamén sobresaen o Eixe 2, vinculado coa mellora do medio ambiente e do contorno rural, que con 41,2 millóns de euros representa o 32,3% do total da Axuda presupostada, e o Eixe 3, relacionado coa calidade de vida nas zonas rurais e a diversificación da economía rural, que con 14,2 millóns de euros supón o 11,1% do total da Axuda FEADER presupostada para o ano 2010. Así mesmo, neste Eixe fomentarase a substitución de combustibles fósiles a través do impulso das enerxías renovables.

Dicir tamén que nestes presupostos FEADER 2010 inclúense recursos adicionais procedentes da OCM do viño e dos axustes da modulación derivados da aplicación do Regulamento (CE) Nº 1728/2003, así como os destinados aos novos retos do sector lácteo e das enerxías renovables (Eixes 1 e 3).

Táboa 12. Distribución da Axuda FEADER Galicia por eixes, medidas e xestores no presuposto 2010 (euros)

EIXE	MEDIDA	Órganos xestores	Presuposto 2010
1- Incrementar a competitividade do sector agrícola e forestal	111 - Inform. e Form Profesional	DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	1.574.729
		DX Montes	607.709
	112 - Instal. Xoves agricultores	DX Producción Agropecuaria	6.331.600
	113 - Jubilac. anticip. agricultores		3.568.720
	114 - Serv.asesor. para agricultores		1.726.800
	115 - Implant. serv. ases. explotac agric		DX Producción Agropecuaria
		DX Montes	281.097
	121- Modern. explotacións agrarias	DX Producción Agropecuaria	21.628.212
	122- Aumt. valor econom. dos bosques	DX Montes	1.970.384
	123- Aumt. valor engad prod.agric forest.	DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	11.371.219
		DX Producción Agropecuaria	57.560
	124- Coop. novos prod. agr.alim. forest.	DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	1.155.604
	125- Mellora e desen. infraest. agr forest.	DX Desenvolvemento rural	5.741.338
	131- Ax. agricult. adapt. norm. comunit.	DX Producción Agropecuaria	57.560
132- Apoio agric. prog. calid. alimentos	DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	647.400	
133- Apoio agrup. prod. calidade aliment.		1.158.052	
<b>TOTAL EIXE 1</b>			<b>59.316.984</b>
2- Mellora do medio ambiente e do contorno rural mediante a xestión das terras	211- Axudas inden.dific.naturais montaña	FOGGA	4.604.800
	212- Ax. inden.dific.naturais no montaña		1.726.800
	214- Axudas agroambientais	FOGGA	10.936.400
		DX Producción Agropecuaria	846.132
		DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	156.165
	215- Axudas o benestar dos animais	FOGGA	69.677
	216- Axudas invet. non produtivas	DX Conservación da Natureza	1.552.351
	221- Prim. repoboac. forest.terras agric.	DX Montes	601.144
	223- Prim. repoboac. forest terras non agr.		6.331.089
	226- Recup. forest. e impl. med. prevent.		14.136.444
227- Axudas a investim .non produtiv.	201.460		
<b>TOTAL EIXE 2</b>			<b>41.162.462</b>
3- Fomento da diversificación economía e mellora da calidade de vida nas zonas rurais	311- Diversif. activ.non agrícolas	DX Desenvolvemento rural	1.016.207
	312- Ax. creac. desenv. microempresas	DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestales	892.784
		DX Desenvolvemento rural	3.121.645
		DX Montes	1.188.958
	313- Fomento actividades turísticas	DX Desenvolvemento rural	577.802
	321- Serv. bás. para econ. e poboac. rur.		5.548.193
	323- Conserv.e mellora patrimonio rural	DX Montes	662.969
DX Desenvolvemento rural		713.321	
DX Producción Agropecuaria		460.480	
<b>TOTAL EIXE 3</b>			<b>14.182.359</b>
4- Fomento da gobernanza nas zonas rurais a través do enfoque LEADER	411- Estr. desenv. local:competitividade	DX Desenvolvemento rural	2.407.512
	412- Estr. dese. loc: med amb. xes. terras		481.502
	413- Estr. des. local: Calid. vida e divers.		6.741.033
	421- Coop. transnacional e interrexional		481.523
	431- Func. grupo acción local prom. Territ.		1.926.190
<b>TOTAL EIXE 4</b>			<b>12.037.760</b>
5- As. técnica	511- Asistencia técnica	DX Desenvolvemento rural	748.388
<b>TOTAL EIXE 5</b>			<b>748.388</b>
<b>TOTAL FEADER</b>			<b>127.447.953</b>

Fonte: elaboración propia

Entre as medidas de gasto da Axuda FEADER no presuposto 2010, sobresaen as seguintes:

- A medida 121 (Eixe 1), con 21.628.212 euros, que busca a modernización das explotacións agrarias, especialmente as lácteas, representa o 16,9% da Axuda total FEADER.
- A medida 226 (Eixe 2), con 14.136.444 euros, que está relacionada coa recuperación forestal e a implantación de medidas preventivas, supón o 11,1% da Axuda total FEADER.
- A medida 214 (Eixe 2), con 11.938.697 euros, que está relacionada co impulso das axudas agroambientais, representa o 9,4% da Axuda total FEADER.



## OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

### PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS 2010

A actual situación de crise económica de ámbito internacional, produciu unha diminución moi significativa dos ingresos das administracións públicas, o que leva necesariamente a deseñar uns presupostos para o 2010 adaptándoos á dispoñibilidade de recursos limitada. Nesta liña este orzamento estrutúrase en torno a tres principios de actuación:

- Plan de austeridade do gasto público, comprendendo políticas de aforro que eviten os gastos innecesarios; é dicir, contención, mesmo diminución do gasto corrente.
- Xerarquización ou establecemento dunhas prioridades dos gastos orientados aos sectores fundamentais para a recuperación da produtividade sen descoidar os servizos públicos esenciais.
- Lograr unha maior eficacia na utilización dos recursos , vixiando especialmente a optimización deles, e logrando unha maior eficiencia, de xeito que os recursos da administración pública de Galicia se destinen aos usos demandados pola sociedade para acadar o crecemento económico e social e que se obteñan os obxectivos determinados ao menor custo posible.

En todo caso, a asignación dos recursos axustouse aos seguintes criterios:

- a) Adopción de medidas dinamizadoras da economía fronte á crise, fomento do emprego a través de actuacións que melloren a súa calidade e a súa seguridade.
- b) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada de todos os sectores produtivos de Galicia.
- c) Apoio ás familias e aos mozos e mozas mediante políticas de benestar, igualdade e vivenda. Garantir os servizos públicos básicos de educación, sanidade e servizos sociais, consolidando os novos servizos e prestacións referentes á dependencia.


d) Mellora da eficiencia pública a través da racionalización do gasto e de medidas de austeridade, en especial, no que atinxe ao gasto corrente da Administración autónoma e os seus axentes.

Neste contexto, o sistema de elaboración e seguimento do orzamento por resultados cobra especial importancia para optimizar ao máximo os recursos escasos nesta situación de crise. Preténdese a fixación dunha cadea de valor asociada aos créditos orzamentarios, que desde uns obxectivos estratéxicos ao nivel de programa de gasto se materialicen en obxectivos operativos ao nivel de proxectos. Neste senso, impúlsase a determinación dos principais obxectivos a conseguir para o establecemento dun sistema de orzamento por resultados, que implica que os gastos estean vinculados ao logro duns obxectivos específicos, coa finalidade de alcanzar un grao elevado de transparencia, eficacia e eficiencia na asignación dos recursos.

Estes orzamentos reflicten o esforzo en materia de planificación realizado polos distintos centros xestores para establecer os seus obxectivos no marco das prioridades e os obxectivos estratéxicos de carácter xeral. Ao mesmo tempo, serven para conducir os devanditos obxectivos e as accións previstas para conectalos cos programas orzamentarios, coa finalidade de que este proceso se converta nunha ferramenta eficaz de análise e xestión orzamentaria.

A estrutura por programas do orzamento permite describir o gasto en termos de obxectivos. Estes teñen que estar relacionados cunha liña estratéxica máis ampla que permita explicar a contribución das actuacións recollidas no orzamento á consecución dos obxectivos recollidos no plan de acción do goberno.

Metodoloxía do sistema de planificación – orzamentación



## OBXECTIVOS E PRIORIDADES

O orzamento concentra os seus investimentos en sete prioridades que considera estratéxicas para frear os efectos da crise sobre a actividade económica, para favorecer a creación de emprego e para o desenvolvemento das políticas sociais.

Prioridades como o impulso e apoio á actividade empresarial para loitar contra a crise, fortalecendo o tecido empresarial a través da promoción das empresas galegas, e a captación de investimentos e mellorando e mesmo ampliando as facilidades de acceso ao financiamento.

O impulso dunha “cidade única” na que o oitenta por cento da poboación galega estea a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade, a través da creación e construción de novas infraestruturas. O que se pretende é facilitar a mobilidade da poboación, favorecendo un tránsito “fluído, eficaz e seguro” de persoas e mercadorías na Comunidade autónoma.


A mellora da calidade da educación, e da investigación e desenvolvemento no contexto da sociedade da información.

Prioridade como os plans fronte a crise para mellorar os actuais niveis de ocupación e emprego, coa conseguinte incidencia na diminución do desemprego, xunto á extensión e mellora dos servizos sociais e a atención á poboación dependente

Achéganse maiores recursos á sanidade, tentando de cubrir as demandas sanitarias con novos equipamentos, servizos e nova tecnoloxía que incremente a calidade das prestacións.

Estas prioridades reflíctense nestes orzamentos e resúmense a continuación.

PRIORIDADES DE GASTO	Millóns de €	Peso (% s/total orzamento)
<b>1.- Sanidade</b>	<b>3.728,3</b>	<b>31,9%</b>
<b>2.- Educación</b>	<b>2.379,2</b>	<b>20,4%</b>
<b>3.- Políticas activas de emprego</b>	<b>386,8</b>	<b>3,3%</b>
3.1. Fomento do emprego	290,9	2,5%
3.2. Cualificación laboral	95,9	0,8%
<b>4.- Cohesión e benestar social</b>	<b>577,0</b>	<b>4,9%</b>
4.1. Dependencia	248,1	2,1%
4.2. Servizos sociais	328,9	2,8%
<b>5.- Mobilidade e infraestruturas</b>	<b>503,3</b>	<b>4,3%</b>
5.1. Infraestruturas de transporte	440,7	3,8%
5.2. Fomento do transporte público	62,6	0,5%
<b>6.- Economía do coñecemento</b>	<b>185,0</b>	<b>1,6%</b>
6.1. Plan galego de I+D+i	84,8	0,7%
6.2. Investigación universitaria	49,6	0,4%
6.3. Sociedade da información	50,6	0,4%
<b>7.- Dinamización económica</b>	<b>745,6</b>	<b>6,4%</b>
7.1. Fomento da actividade empresarial	335,0	2,9%
7.2. Dinamización turística	79,0	0,7%
7.3. Modernización das empresas do sector pesqueiro e da acuicultura	125,1	1,1%
7.4. Modernización das empresas do sector agroalimentario e forestal	206,4	1,8%



## 1.- Sanidade

SANIDADE		Importe (M€)
<b>Programas de gasto</b>		<b>3.728,3</b>
	<b>411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE</b>	<b>88,6</b>
	<b>412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA</b>	<b>2.131,2</b>
	<b>412B ATENCIÓN PRIMARIA</b>	<b>1.376,4</b>
	<b>413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA</b>	<b>83,7</b>
	<b>414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS</b>	<b>48,4</b>

A Consellería de Sanidade ofrece servizos asociados a Sistemas e Tecnoloxías da Información a unha poboación de case 2,8 millóns de cidadáns, a máis de 43.000 profesionais sanitarios e non sanitarios e a un total de 501 centros sanitarios.

### Obxectivos:

No orzamento 2010 os obxectivos correspondentes aos programas de gasto son os seguintes:

- Mellorar as prestacións e servizos da sanidade pública en Galicia
- Consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa do sistema sanitario
- Obxectivos na área de protección e promoción da saúde pública:
  - Mellorar os programas de protección, promoción e prevención da saúde, a través dos seguintes obxectivos operativos:
    - ampliar a prestación de servizos que promovan comportamento saudábel
    - mellorar os programas de control de riscos medioambientais e alimentarios e mellorar a prevención de enfermidades
  - Mellorar as ferramentas de xestión dos programas de saúde pública, a través dos seguintes obxectivos operativos:

- apoio á protección da saúde
- apoio á planificación dos servizos da saúde
- coordinación e mellora da xestión administrativa, e mellora da coordinación e a calidade da inspección en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e de servizos sanitarios
- Mellorar os programas de vixilancia e información sobre saúde, a través dos seguintes obxectivos operativos:
  - mellorar a vixilancia epidemiolóxica
  - mellorar a información da saúde
- Optimizar os sistemas de planificación e aseguramento de cara á mellora da atención aos cidadáns
- Potenciar as liñas de rehabilitación e reincorporación social, así como as de prevención de recaídas, mellorando as liñas de reinserción social e atención socio-sanitaria
- Obxectivos na área de atención especializada:
  - Complementar a estrutura sanitaria mediante o financiamento das sociedades públicas e fundacións de carácter sanitario adscritas á Consellería de Sanidade e ó Servizo Galego de Saúde, co obxecto de prestar asistencia e dar cobertura a poboación protexida.
  - Mellora da calidade das infraestruturas sanitarias: Recepción da prestación sanitaria no momento axeitado segundo a situación clínica que presentan os pacientes, establecendo unha axeitada clasificación das prioridades.
  - Mellora da calidade e accesibilidade ás prestacións sanitarias
    - Prestación ortoprotésica: Ordenación e adaptación da carteira de servizos da prestación ortoprotésica
    - Programas de atención especializada: Desenvolvemento de programas de saúde bucodental, coordinación de transplantes, prevención

específica no terreo das malformacións conxénitas en Galicia, así como outros programas de atención especializada.

- Obxectivos na área de atención primaria:
  - Mellora da calidade das infraestruturas sanitarias
  - Mellora da calidade e accesibilidade ás prestacións sanitarias:
    - Contención do gasto farmacéutico: Contención do gasto farmacéutico a través dun plan de austeridade e mellora da calidade de prescrición que contempla a incorporación trimestral de 3 principios activos que se seleccionarán en base a presenza no mercado dunha E.F.G, que supoña unha alta porcentaxe de envases e gasto e que a diferenza de prezo entre a especialidade de marca e a E.F.G sexa elevada.
    - Mellora de programas de atención primaria: Desenvolvemento de programas de mellora da calidade e xestión clínica, coordinación da prestación farmacéutica, transporte sanitario en zonas de difícil acceso, así como outros programas de xestión e coordinación da atención primaria.
- Obxectivos na área de formación de graduados e posgraduados:
  - Apio ao MIR
  - Mellora da calidade da formación continuada dos profesionais sanitarios
  - Mellora da calidade da formación de grao
- Obxectivos na área de servizos xerais de sanidade:
  - Articulación da estrutura de I+D+i, a través da implementación de apoio ás infraestruturas dedicadas a I+D+i
  - Aumentar a implementación do plan de investigación do sistema sanitario público galego, a través de :
    - Convocatoria de proxectos de investigación en biomedicina e ciencias da saúde



- Implementación dos sistemas de información da actividade investigadora
- Intensificación de actividade investigadora nos centros do sistema sanitario público
- Impulsar o uso das TICs, mellorando os sistemas de información e fomentando os servizos de administración electrónica: implantar a historia de saúde electrónica e novo servizo de administración electrónica
- Garantir o acceso a información de calidade aos cidadáns e aos profesionais do sistema sanitario

Estes obxectivos levaranse a cabo a través dos seguintes plans de actuación:

Plan de mellora de Atención Primaria: Mediante o que se revisarán obxectivos acadados e a necesidade de redefinir determinados temas co fin de adaptar o Plan ás necesidades reais dos galegos.

Plan estratéxico de saúde mental: Constituirase unha comisión multidisciplinar na que estean presentes ademais dos profesionais, as organizacións sindicais e os cidadáns e pacientes.

Plan de Asistencia Integral ao Cancro: Asistencia integral ao cancro, planificando circuítos diferenciados con tempos máximos de demora de diagnóstico e tratamento destes pacientes. Integración no Servizo Galego de Saúde do Centro Oncolóxico de Galicia (A Coruña), creando un centro de referencia en oncoloxía para a nosa CA.

Plan de urxencias: Elaborarase un plan de urxencias, aproveitando o conxunto dos recursos para acadar unha maior efectividade do sistema

Plan de racionalización do gasto farmacéutico: A través do impulso da utilización de xenéricos, entre outras medidas.

Creación da comisión interdepartamental socio-sanitaria co fin de garantir a continuidade asistencial entre a atención primaria, especializada e os servizos sociais.

Poñeranse en marcha as unidades de apoio diagnóstico de atención primaria (UADAP), para incrementar a capacidade de resolución neste nivel asistencial. As unidades contarán con:

1. Radioloxía
2. Ecografía
3. Analítica de urxencia
4. Retinógrafo (fondo de ollo)
5. Probas funcionais respiratorias
6. Electrocardiografía
7. Holter
8. Fibroscopio.

**Priorización dos procesos de especial interese**, como os dirixidos a rehabilitación cardíaca e Ictus. Nos hospitais públicos desenvolveranse procesos asistenciais que eviten hospitalizacións, reduzan a necesidade de consumo de fármacos e diminúan de modo importante a aparición de novos episodios, favorecendo a reinserción socio-laboral e familiar do paciente.

No que respecta as **políticas de xénero**, revisaranse as actuacións realizadas comprendidas no Plan da Muller para integralas nas novas propostas e crearanse unidades de atención integral á muller (UAIM) que garantan o desenvolvemento dos programas asistenciais específicos.

A súa carteira de servizos incluirá:

- Prevención cancro xenital: Ecografía vexinal, Citoloxía e vacinación HPV
- Programas de detección precoz do cancro de mama
- Planificación familiar
- Educación sexual
- Prevención ETS (enfermidades de transmisión sexual)
- Preparación ao parto
- Atención ao embarazo, parto e puerperio
- Consulta perimenopausica
- Prevención e atención a casos de violencia machista

Tamén continuarase coa posta en funcionamento das unidades de hospitalización a domicilio, incluída a hospitalización a domicilio para pacientes de psiquiatría, de forma gradual e vinculados tanto á atención especializada como a atención primaria.

Ademais, potenciarase o Plan de cuidados paliativos, cos seguintes obxectivos:

- Establecer os recursos e a organización precisas para prestar unha atención integral aos pacientes con enfermidades en fase terminal
- A creación dunha rede de Unidades de referencia xeográfica de cuidados paliativos
- A ampliación das unidades de hospitalización a domicilio e alcanzar unha asistencia continuada aos pacientes, coordinando os diferentes niveis asistenciais; unha cobertura continua, 24 horas ao día, todos os días do ano; e unha atención interdisciplinar para asegurar o cuidado integral do paciente

Receta electrónica: seguirase impulsando a implantación da receita nos centros sanitarios e nas oficinas de farmacia. No momento actual está despregada en 386 oficinas de farmacia, 93 centros de saúde, cunha porcentaxe de prescrición electrónica superior ao 60%

Bibliosaúde e Repositorio. Co obxectivo de facilitar o acceso á documentación e información científica de todos os profesionais, independentemente do seu lugar de traballo, manterase e mellorarase o proxecto de biblioteca virtual. Ademais, impulsaremos a creación dun repositorio institucional da produción científica e documental da institución.

#### **Infraestruturas:**

Construción do novo Hospital de Vigo e de Pontevedra e finalización das obras e posta en funcionamento do hospital de Lugo. Finalizaranse as obras pendentes:

- II fase CHU A Coruña e inicio da III
- III fase do Hospital de Ferrol
- II fase do Hospital de Ourense
- Plan Director do Hospital do Salnés

Finalizaranse as reformas dos centros de saúde en obras e construíranse novos centros de saúde nas localidades nas que a demanda e/ou crecemento así o aconsellen

No que respecta á ALTA TECNOLOXÍA, elaborárase o novo **Plan de Alta Tecnoloxía** e nunha primeira fase equiparase de alta tecnoloxía o novo Hospital de Lugo xunto a outras obras.

## INDICADORES

Porcentaxe de centros conectados á rede corporativa .....	72%
Número de aplicacións desenvolvidas dentro das accións de impulso ás TICS.....	1
Adquisición de equipos de alta tecnoloxía .....	10
Porcentaxe de dispensación de xenéricos dentro do Plano de uso racional do medicamento (receitas médicas) .....	75%
Número de consultas dentro do Plano de mellora da atención primaria.....	21.700.000
Porcentaxe de cobertura en programas de vacinación:	
Vacinación infantil primo-vacinación .....	93%
Vacinación infantil segundo o calendario de vacinación completo .....	88%
Vacinación antigripal a maiores.....	61%
Plan de atención integral á saúde das mulleres	
Proxectos de mellora do programa de detección precoz do cancro de mama .....	1
Proxectos de atención á saúde da muller.....	1
Accións formativas dentro do programa de prevención de riscos laborais (prevención da violencia laboral no SERGAS) .....	14
Cursos de formación realizados pola Escola Galega de Administración Sanitaria .....	740
Accións formativas dentro do Programa MIR .....	7

**2. Educación**

		Importe (M€)
<b>Programas de gasto</b>		<b>2.379,2</b>
	<b>421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN</b>	<b>28,0</b>
	<b>422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO</b>	<b>887,3</b>
	<b>422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS</b>	<b>362,3</b>
	<b>422D EDUCACIÓN ESPECIAL</b>	<b>33,9</b>
	<b>422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS</b>	<b>28,9</b>
	<b>422G ENSINANZAS ESPECIAIS</b>	<b>15,5</b>
	<b>422H OUTRAS ENSINANZAS</b>	<b>0,9</b>
	<b>422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO</b>	<b>2,5</b>
	<b>422K ENSINANZAS PESQUEIRAS</b>	<b>8,8</b>
	<b>422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL</b>	<b>9,1</b>
	<b>422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL</b>	<b>787,7</b>
	<b>423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA</b>	<b>190,9</b>
	<b>423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR</b>	<b>23,3</b>

Entre os **obxectivos** desta consellería para o ano 2010 sinálanse como máis relevantes os seguintes:

**I.- Ensino non universitario**

1. Atención especial á educación infantil e primaria que implique un incremento da calidade do ensino e un apoio decidido pola escola rural, destinando recursos humanos que permitan a aplicación das ratios para determinar as unidades nos casos de agrupamentos do alumnado de educación infantil e de educación primaria.
2. Potenciación da orientación, incrementando o número de orientadores nos centros de educación infantil e primaria e nos centros de educación primaria.
3. Reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras na educación secundaria.
4. Potenciación da formación profesional tendo en conta os recursos humanos necesarios para implementar os novos ciclos formativos e efectuar a transformación dos ciclos de 1.400 horas en 2.000 horas.

5. Incremento da oferta dos programas de cualificación profesional inicial e ampliación das localidades nas que se poden cursar os módulos voluntarios para a obtención do título de graduado en educación secundaria.
6. Mellora do éxito escolar. Medidas positivas na loita contra o abandono escolar.
7. Potenciación das ensinanzas de réxime especial.

Para a consecución destes obxectivos artículáanse os seguintes plans de actuación:

### **PLAN PARA A MELLORA DO EXITO ESCOLAR**

#### Obxectivo

Potenciar a mellora do rendemento escolar do alumnado en dúas vertentes:

- Potenciar a excelencia e
- Incidir no colectivo máis desfavorecido por diferentes tipos de necesidades: sociais, económicas, familiares, incorporación tardía, de atraso educativo, etc.

#### Contido

- Plan de mellora da calidade nos centros educativos: no que, partindo dos resultados de avaliacións internas e externas realizadas nos mesmos, afronten a potenciación de proxectos concretos de innovación, investigación e introdución na aula de metodoloxías e materiais innovadores así como elaboración de programacións e materiais didácticos destinados á mellora do rendemento do alumnado.
- Plan de reforzo, orientación e apoio (PROA) nas dúas modalidades: acompañamento e de reforzo e apoio.
  - Plan MORA de apoio económico aos centros educativos, para que dentro da súa autonomía, leven a cabo actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.
  - Plan de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas

derivadas de trastornos de conduta. Mellora das prestacións dos centros actuais e creacións doutros que cubran a xeografía de Galicia.

- Organización de aulas de apoio á aprendizaxe en centros educativos.
- Plan de apoio a alumnado inmigrante en colaboración coa Secretaría Xeral de Inmigración.

#### Finalidade

Estes programas pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo contribuírase á prevención do abandono escolar temperá, a mellora da calidade do ensino e ao aumento do éxito escolar.

### **PLAN DE MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO E DO PROFESORADO DE GALICIA**

#### Obxectivo

Este plan enmárcase nunha liña xeral de actuación na comunidade, que se propón incrementar o nivel formativo e de competencia lingüística da cidadanía dentro duns parámetros de relación con outros países e outras linguas diferentes das dúas oficiais de Galicia.

No referente ao alumnado.

- Conseguir que o alumnado, ao remate do ensino obrigatorio, sexa capaz de comunicarse tanto de forma oral como escrita en, ao menos, tres linguas: castelán, galego e nunha lingua estranxeira (con preferencia inglés).
- Complementar e apoiar a aprendizaxe lingüística nos centros de ensino regrado coas ensinanzas propias das Escolas Oficiais de Idiomas.

Con referencia ao profesorado.

- Mellorar a competencia lingüística do profesorado, tanto o especialista en lingua estranxeira como aquel que imparte outras materias nunha lingua

estranxeira, predominando a lingua inglesa.

Actividades máis destacables co alumnado e/ou profesorado.

- a) Inmersión lingüística en familias doutros países nos que a lingua vehicular sexa, preferentemente, o inglés.
- b) Actividade formativa organizada mediante un itinerario con 3 fases:
  - a. intensiva lingüística en Galicia (con substitución por profesorado contratado),
  - b. inmersión no estranxeiro (período non lectivo) e
  - c. formación de grupos de traballo desde a súa reincorporación ao centro para apoiar a súa participación en seccións bilingües.
- c) Estadías no estranxeiro en cursos intensivos do idioma do país.

## **PLAN PARA FAVORECER O USO E APROVEITAMENTO DAS TIC EN EDUCACIÓN E FORMACIÓN**

### Obxectivo

Lograr que os alumnos fagan un uso axeitado das TIC na aula e se aproveite a potencialidade de internet e dos contidos educativos existentes para mellorar as súas competencias.

### Contido

- Formación do profesorado e alumnado para utilizar as TIC como ferramenta ou axente facilitador do proceso educativo.
- Elaboración de contidos para a aula, pensando nunha atención especial aos alumnos con necesidades específicas e de atención á diversidade.

### Finalidade

Obter un óptimo rendemento dos recursos aportados aos centros para que sirvan de potenciadores da mellora do rendemento do alumnado e, por tanto, da calidade do



sistema educativo.

## **PLAN DE AVALIACIÓN E MELLORA DO SISTEMA EDUCATIVO**

### Obxectivo

Analizar a situación do sistema educativo en Galicia. Obter resultados de plans de avaliación galegos, nacionais e internacionais.

### Contido

- Avaliar centros educativos: organización e procesos de ensinanza aprendizaxe.
- Avaliar ao profesorado: desenvolvemento da actividade docente.
- Avaliación da función directiva e dos órganos de coordinación docente.
- Avaliación dos resultados académicos dos alumnos.

### Finalidade

- Coñecer a situación do sistema educativo galego de xeito que posibilite analizar os progresos e a adopción de medidas correctoras se é o caso.
- Dispoñer de información que permita a análise comparativa con outras Comunidades Autónomas e outros países.

## **PLAN DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL**

### Obxectivo

Elevar o nivel de cualificación da poboación en idade escolar e laboral co fin de mellorar a súa empregabilidade e a competitividade das empresas que conforman o tecido produtivo galego.

### Contido

- Implantación con carácter xeneralizado dos Programas de Cualificación

Profesional Inicial (PCPI), o cal permitirá que todo o alumnado que non acade a titulación de graduado en ESO poida saír do sistema educativo cunha cualificación profesional relacionada no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao medio e grao superior para realizar unha oferta formativa actualizada ao que precisan as empresas para mellorar a súa produtividade, e en consecuencia, a mellora da empregabilidade dos traballadores.
- Implantación dos ciclos formativos en réxime ordinario e de persoas adultas, mediante a oferta modular e potenciación da formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación.
- Establecemento dun sistema de avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida.
- Elaboración dun portal de orientación profesional, que permita coñecer as oportunidades de formación e emprego, que contribúa decididamente a que as persoas demandantes dos servizos de formación poidan construír o itinerario formativo máis acorde cos seus intereses.
- Potenciación e ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional inicial, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- Actualización e dotación de medios e equipamentos didácticos na formación profesional, fundamental para acadar os obxectivos que se perseguen, previa avaliación e inventario das actuais instalacións co fin de adecualas ás novas necesidades didáctico-profesionais, de prevención de riscos profesionais e de respecto ao medio ambiente.
- Potenciación das accións para a mellora continua, estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional.

- Dar a coñecer ao alumnado, pais e nais, traballadores, empresarios e á sociedade en xeral as posibilidades de formación e cualificación que se ofertan desde o sistema de formación profesional no eido educativo, coa finalidade de incrementar a poboación cualificada nos niveis e especialidades que demandan as empresas.

#### Finalidades

- Conseguir que todo alumnado acade unha titulación oficial ou unha acreditación de cualificación profesional que lle permita a súa inserción laboral ou proseguir estudos.
- Proporcionar unha oferta formativa nos distintos niveis de cualificación adaptada ás necesidades do sectores produtivos, e ás necesidades da poboación mediante as distintas modalidades formativas.
- Potenciar a rede de centros que imparten formación profesional, en especial os centros integrados, dotándoos dos equipamentos necesarios para desenvolver a súa labor formativa e de orientación, a través dos dispoñendo dunha orientación profesional eficaz e nun marco de calidade e mellora continua.

### **PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E COOPERACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

#### Obxectivo

Deseñar e impulsar programas de innovación educativa e de cooperación con outras Administracións nos que participan os centros educativos, coa finalidade de incrementar as competencias dos alumnos en contidos transversais co apoio de programas doutras Administracións e institucións.

#### Contido

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con este programas pretende, entre outros, a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Para o logro destes fins a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolverá accións de colaboración co Parlamento de Galicia, coas secretarías xerais de Igualdade, Emigración e Deporte, coas consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Cultura e Turismo, Mar, Traballo e Benestar, entre outros.

#### Finalidade

Actualizar os diferentes programas e protocolos de colaboración que a Consellería ven desenvolvendo en colaboración con outras Administracións e institucións promovendo a implicación doutros para o logro dos fins previstos, coidando de que o desenvolvemento dos mesmos non merme as actividades de ensinanza-aprendizaxe que se debe realizar na aula.

### **PLAN PARA FACILITAR A PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE NO SISTEMA EDUCATIVO**

#### Obxectivo

Promover programas para a participación da sociedade civil no sistema educativo coa implicación dos concellos e das familias.

#### Contido

- Apertura das bibliotecas dos centros educativos á sociedade co apoio dos concellos.
- Uso das instalacións deportivas dos centros educativos para potenciar o deporte escolar.
- Participación das familias nalgunhas actividades extraescolares.

#### Finalidade

O desenvolvemento dos programas pretenden a interrelación dos centros educativos co seu contorno.

### **II.- Ensino Universitario**

En relación ao ENSINO UNIVERSITARIO, destácase os seguintes plans:

## PLAN DE MELLORA DO FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO

**Obxectivo:** Suplementar o Plan de Financiamento do SUG vixente, co obxectivo de compensar o decrecemento do Fondo de Financiamento incondicionado que leva consigo a aplicación do mesmo.

Con este fin desenvolveranse os seguintes contratos-programa:

- Apoio á implantación do recoñecemento da función docente na conformación da plantilla teórica das universidades.
- Apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico - tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.
- Implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.

## PLAN DE CREACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS

**Obxectivo:** Dotación ao SUG de infraestruturas de apoio a investigación. Neste marco cobran especial relevancia a investigación no campo das ciencias mariñas.

No deseño **do novo mapa de centros e infraestruturas científicas** en Galicia propónse desenvolver nos sete campus infraestruturas que integren as capacidades estratéxicas da investigación universitaria. Diferentes instalacións integraranse na Cidade do Mar: o Centro Atlántico de Investigacións Mariñas, a Unidade Tecnolóxica Oceanográfica, o Centro de Innovación Tecnolóxica, a Unidade Técnica de Innovación na Xestión de Residuos Mariños e o Centro de Estudos de Socio economía Pesqueira.

Finalidades:

- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles en Galicia.
- Potenciar as áreas de alta competencia investigadora de Galicia.
- Optimizar un investimento racional en grandes infraestruturas e equipamentos.

As accións destes **dous Plans** levaranse a cabo a través dos seguintes obxectivos:

- ❑ Modernización do sistema universitario de Galicia e adaptación ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior)
  - Apoio ás novas titulacións adaptadas ao EEES: grao e posgrao
  - Apoio á mobilidade de profesores e alumnos do SUG
  - Apoio á difusión da oferta das universidades galegas
- ❑ Optimización do actual plan de bolsas, axudas e premios ao alumnado
- ❑ Adopción de medidas encamiñadas á estruturación e consolidación das capacidades de investigación
- ❑ Establecemento de mecanismos para o recoñecemento e intensificación da actividade investigadora para equilibrala coa actividade docente (Convocatoria I3 e convenio POD)
- ❑ Dotación ao SUG de infraestruturas de apoio á investigación
- ❑ Articulación e integración do SUG
- ❑ Cidade Do Mar, Centros De I+D
- ❑ Subvención á Fundación Rof Codina
- ❑ Promoción, transferencia e difusión das capacidades de investigación
- ❑ Convocatoria de organización de congresos
- ❑ Accións de promoción científica no sistema universitario de Galicia
- ❑ Financiamento a institucións sen fins de lucro para a dotación de recursos humanos en promoción científica
- ❑ Recollida e seguimento de datos sobre a investigación no SUG
- ❑ Mantemento do OCTUGA (Observatorio científico e tecnolóxico de Galicia)

Parte das actuacións son financiadas cos Fondos estruturais: polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) a través principalmente dos eixes 1.-

Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información e TIC)) e do eixe 6.-Infraestruturas sociais

**INDICADORES**

**EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA**

Ampliación dos seguintes centros educativos:

- CEIP Otero Pedraio do Barco de Valdeorras
- CEIP Os Muíños de Muxía
- CEIP Pérez Viondi da Estrada
- IES Gamallo Fierro de Ribadeo (Estudantes beneficiados) .....250)

Construción dos seguintes novos centros educativos:

- CEIP de Oroso (estudantes beneficiados) .....360)
- Escola Infantil de Betanzos
- CEIP de Boiro
- CEIP Vilalonga de Sanxenxo
- Novo IES Carlos Oroza de Pontevedra (estudantes beneficiados .....275)
- IES de Milladoiro (estudantes beneficiados) .....600)
- IES de Culleredo (estudantes beneficiados) .....870)
- IES de Celanova

Beneficiarios/as

Subvencións ás escolas e conservatorios de música

Axudas para a formación de persoas adultas

Plan de formación do profesorado de ensinanzas non universitarias

Plan de formación do profesorado de Formación Profesional

Programa europeo Leonardo da Vinci

Homes	Mulleres
6.500	4.500
1.275	815
3.500	3.200
1.590	1.000
130	115

Beneficiarios/as

Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral

Formación Profesional regrada en módulos vinculados á sociedade da información

Desenvolvemento novas modalidades de oferta formativa de F. P.

Programas de cualificación profesional inicial

Homes	Mulleres
1.200	650
2.950	2.400
300	210
1.800	900

Beneficiarios/as rama Agraria Forestal	Homes	Mulleres
Bolsas de prácticas para titulados e iniciación á investigación	237	210
Accións de formación, sensibilización e valorización do medio rural	1.206	896
Formación de titulados en prevención e defensa contra incendios forestais	1.846	467
Formación de formadores	387	94
Prevención de riscos laborais no sector agroforestal	750	750

Beneficiarios/as	Homes	Mulleres
Premios ao alumnado de E.S.O., Bacharelato e F.P.	50	50
Medidas de orientación, reforzo e apoio	3.200	2.150
Accións de reforzo para a prevención do abandono escolar temperá	4.100	4.100

Beneficiarios/as	Homes	Mulleres
Escolas viaxeiras	350	320
Rutas literarias	100	95
Rutas científicas	35	36
Aulas Natureza	60	55

Novas actividades desenvolvidas noutros idiomas (Axudas a auxiliares de conversación estranxeiros nas Escolas Oficiais de Idiomas) .....	31
Centros nos que se implantarán novas actividades de idiomas.....	4
Número adicional de alumnos que cursan inglés.....	650
Axudas ao alumnado para a aprendizaxe de idiomas	
Número adicional que cursan inglés .....	2.500
Número adicional que cursan outros idiomas.....	225
Novas actividades desenvolvidas en inglés .....	25
Novas actividades desenvolvidas noutros idiomas .....	12
Beneficiarios/as actividades de formación do profesorado en linguas estranxeiras .....	950
Número de estudantes beneficiados de prácticas en empresas dos alumnos/as de Form. Prof.....	13.000
Centros de F.P. con acreditación de Calidade .....	11
Novos Centros Integrados de Formación Profesional.....	2
Nº de proxectos cooperación con empresas en materia de Formación Profesional.....	10
Novas titulacións e/ou certificacións profesionais.....	24
Centros con ampliación do horario de apertura fóra do horario lectivo .....	500
Concellos con axudas para a prolongación do horario de apertura fóra do horario lectivo nos centros docentes .....	150



ANPAS que recibirán axudas económicas para sostemento do comedor escolar..... 150

Concellos beneficiados dos convenios de colaboración para os servizos de limpeza dos centros de primaria e infantil..... 38

Programas educativos de cooperación territorial Interreg

Seminarios, xornadas, reunións e congresos..... 2

Número de páxinas web..... 1

Número de equipos adquiridos para procesos de información para centros educativos de ensinanzas non universitarias ..... 1.840

**EDUCACIÓN UNIVERSITARIA**

Número de alumnos matriculados nas universidades galegas ..... 67.843

Número de alumnos matriculados na UNED ..... 11.617

Profesorado en créditos adaptados ao E.E.E. .... 200

Novos títulos implantados (máster e grao) ..... 133

Plan de mellora da calidade e a competitividade da produción científica no S.U.G

Número de proxectos de I+D+i..... 110

(dos que son de carácter medioambiental) ..... 6

Emprego asociado

Homes	Mulleres
320	160

Creación de novas prazas de Persoal Docente Investigador (PDI) con perfil excelencia no eido da promoción e intensificación da función investigadora no S.U.G. .... 15

### 3.- Políticas activas de emprego

A Consellería de Traballo e Benestar actuará en tres ámbitos prioritarios: no terreo das políticas de Emprego, no fomento da actividade emprendedora e na formación.

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO		Importe (M€)
<b>Programas de gasto</b>		<b>386,8</b>
<b>3.1. Fomento do emprego</b>		<b>290,9</b>
	<b>321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO</b>	<b>55,3</b>
	<b>322A FOMENTO DA EMPREGABILIDADE</b>	<b>111,1</b>
	<b>322B INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL</b>	<b>19,3</b>
	<b>322C FOMENTO DO EMPREGO, O EMPREGO AUTÓNOMO E DA INTEGRACIÓN LABORAL</b>	<b>74,6</b>
	<b>324A MELLORA DA ORGANIZ. E ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL</b>	<b>17,8</b>
	<b>324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO</b>	<b>13,0</b>
<b>3.2. Cualificación laboral</b>		<b>95,9</b>
	<b>323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS</b>	<b>65,2</b>
	<b>323B MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO</b>	<b>30,6</b>

Obxectivos finais:

- Garantir que Galicia recupere a senda da creación de emprego, invertendo a actual tendencia de destrución.
- Xerar as condicións para o desenvolvemento de oportunidades laborais de calidade para todos os mozos e mozas e atraer traballadores cualificados.
- Investir na formación e na cualificación técnica e laboral como elemento central para a mellora do capital humano.
- Avanzar na igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres.
- Impulsar o fomento da actividade emprendedora en Galicia.
- Mellora de saúde e seguridade no traballo

No ámbito da **promoción do emprego**, establécense os seguintes obxectivos concretos:

- **Mellora da empregabilidade a través de accións como:**
  - Desenvolver medidas activas de emprego, conducentes a fomentar empregos estables e de calidade
  - Fomentar a cultura emprendedora e potenciar a xeración de emprego mediante programas de promoción do traballo autónomo, e de fomento de emprego.
  - Potenciar e favorecer iniciativas empresariais co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego en zonas rurais e núcleos urbanos pequenos. Con este mesmo obxectivo orientaranse os programas de cooperación coas corporacións locais, así como os programas mixtos de formación e emprego.
  - Impulsar o desenvolvemento de proxectos de interese social mediante a execución de programas de cooperación, que repercutan na xeración de emprego e de alternativas de ocupación laboral, con especial incidencia no ámbito rural.
  - Ofrecer á mocidade galega, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo, a través das escolas obradoiro e casas de oficios e das unidades de promoción e desenvolvemento.
  - Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego a fin de reducir o paro de longa duración
  - Apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo daqueles outros colectivos con especiais dificultades de inserción a través do establecemento de obradoiros de emprego
  - Favorecer a integración laboral dos inmigrantes así como dos emigrantes retornados.
  - Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego protexido como son os centros especiais de emprego, a través da súa constitución como traballadores autónomos, ou ben incentivando a súa contratación indefinida por parte das empresas

- **No ámbito da formación profesional para o emprego, colocación e cualificacións profesionais, establécense os seguintes obxectivos:**
  - Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida á poboación activa desempregada, mellorando a súa cualificación
  - Consolidar a formación profesional dos traballadores ocupados, con plans de formación sectoriais, intersectoriais e de autónomos,
  - Implantar os novos certificados de profesionalidade, mediante a posta en marcha das probas de competencias e a formación asociada ás mesmas.
  - Desenvolvemento dunha política integral de formación que englobe a orientación, asesoramento, formación, e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego.
  - Desenvolver, segundo o establecido no II Plan Galego de Formación Profesional, as medidas de: Integración dos sistemas de Cualificacións e Formación Profesional, óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, Calidade e innovación e Promover a aprendizaxe permanente
  - Realizar cursos do certificado de profesionalidade de formador ocupacional para formadores
  - Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da Administración.
  - Completar a rede de centros integrados de formación, de acordo co establecido no II Plan Galego de Formación Profesional.
  - Potenciar as accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador.
  - Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade
  - Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:
    - Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión

Europea aos demandantes da comunidade autónoma.-Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina EURES TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.

- Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia
- Promover as actuacións encamiñadas a consolidar o sistema nacional de cualificacións profesionais en Galicia.
- Promover a implantación dos novos certificados de profesionalidade en Galicia,
- Consolidar a participación dos axentes sociais no sistema da Formación Profesional na identificación das necesidades de cualificación da poboación activa de Galicia.

Partindo destes obxectivos, as **grandes liñas de acción** da consellería para o exercicio orzamentario 2010 son as seguintes:

- Xestión das políticas activas de emprego no marco da Estratexia Europea para o Emprego, Programa Nacional de Reformas e no eido da colaboración institucional e o Dialogo Social e Político.
- Adopción de medidas dirixidas á mellora da inserción laboral e para alcanzar o pleno emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: mulleres, mozos, parados de longa duración, persoas con discapacidade, inmigrantes, persoas en risco de exclusión social.
- Establecemento de medidas dirixidas a prestar especial atención a aqueles colectivos que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, facilitándolles unha nova oportunidade laboral mediante a súa contratación para a adquisición ou reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias.
- Establecemento de medidas para mellorar a calidade do emprego

- Establecemento de medidas e accións dirixidas á difusión da cultura emprendedora e de fomento da estabilidade laboral, así como optimizar as medidas activas para o emprego e o desenvolvemento local, contando coa rede de técnicos de emprego como instrumento dinamizador e de achegamento destas políticas á toda a xeografía galega e potenciais beneficiarios.
  
- Establecemento de medidas para a mellora da saúde e seguridade no traballo.

Estas liñas, no marco do **PLAN AUTONÓMICO DE EMPREGO**, concrétnanse nas seguintes accións:

### **1. Parados de longa duración**

Durante o ano 2009 e debido á situación económica existente deseñouse un ambicioso plan de choque contra a crise e desenvóléronse un grupo de accións urxentes e excepcionais coa intención de mitigar as dificultades económicas polas que pasaban unha fracción importante dos galegos coa perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia continuará coas medidas que prioricen a contratación dos traballadores e traballadoras desempregados e ás persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito.

### **2. Persoas con discapacidade**

Incentivar a contratación indefinida dos traballadores desempregados cunha discapacidade igual ou superior ao 33% coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

Así mesmo fomentarase a creación, ampliación e mantemento dos centros especiais de emprego en canto fórmulas empresariais eficaces para a xeración de emprego estable para persoas desempregadas con discapacidade.

### **3. Emprego feminino**

A busca da igualdade de homes e mulleres no mercado laboral é obxectivo prioritario do goberno de Galicia. A discriminación que sofren as mulleres asalariadas e tamén

no autoemprego e no mundo empresarial require medidas ambiciosas máis alá das que pretenden favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

#### **4. Emprego xuvenil**

A mellora da empregabilidade e a incorporación real ao mercado de traballo da mocidade galega é un obxectivo prioritario da Consellería de Traballo e Benestar.

#### **5. Persoas en vías de exclusión social**

Na inserción laboral dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social a Xunta de Galicia ten unha dobre obriga: por unha banda exercer unha labor de concienciación social e sensibilización do compromiso de toda a sociedade na busca da plena integración e, por outro lado, cumprir coa propia obriga como Administración de poñer en marcha as políticas axeitadas para a súa consecución. Neste aspecto a Xunta de Galicia incentivará a súa contratación apoiando, incluso, a contratación temporal destes colectivos e o desenvolvemento, impulso e apoio das Empresas de Inserción Laboral.

#### **6. Inmigración e Emigración**

Neste senso favorecerase a integración laboral efectiva dos inmigrantes así como dos emigrantes retornados que fixen a súa residencia en Galicia, fomentando a súa contratación estable. Tendo en conta que esta poboación, ademais de compensar o envellecemento poboacional galego, axuda a compensar a escaseza de man de obra en certos sectores; desde unha perspectiva económica, permitirá manter os niveis de produción ademais de contribuír ao sostemento da protección social.

#### **7. Redeseño dos Programas de Cooperación Local**

Posta en marcha de POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO VINCULADAS ÁS GRANDES ÁREAS URBANAS, así como na Galicia non urbana en colaboración coas outras institucións constituídas como son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs) e os Grupos de Acción Costeira (GACs).

Impulsaranse os Programas de Cooperación especialmente, con entidades locais, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que

participen nos mesmos, co obxectivo final de acadar un contorno local propicio á creación de emprego e de potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego.

### **8. Innovación**

A Consellería de Traballo e Benestar deseñará programas de apoio para aproveitar as vantaxes da tecnoloxía e do desenvolvemento da sociedade do coñecemento; estes programas centraranse fundamentalmente na concienciación e sensibilización empresarial, na implantación das tecnoloxías da información e a comunicación nas empresas, co obxectivo último de crear emprego.

### **9. Autónomos**

Potenciarase o programa de apoio ao emprego autónomo con medidas como o incremento da subvención polo establecemento como traballador autónomo ou por conta propia, nova subvención para a formación, axuda excepcional, para o pagamento dos primeiros gastos da actividade ou incremento da subvención financeira de redución de xuros. A Consellería de Traballo e Benestar debe aproveitar o avance que supón a aprobación do Estatuto do Traballo Autónomo.

Parte destas actuacións financiaranse co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) a través do Programa Operativo de Galicia, coa intervención dos catro primeiros eixes de intervención de dito fondo.

### **10. Mellora de saúde e seguridade no traballo**

Fomentar a elaboración e implantación de plans de prevención de riscos laborais, mediante axudas para a prevención de riscos laborais e a realización de actuacións de concienciación dirixidas aos traballadores, empresarios e poboación en xeral.

Dar resposta á necesaria formación básica de empresarios que asumen persoalmente a xestión da prevención, de traballadores designados a tal fin, e de delegados de prevención e membros dos comités de seguranza e saúde, para así lograr unha capacitación mínima de todo os postos de traballo que redunde na necesaria redución da sinistralidade laboral.



As actuacións específicas para a consecución destes obxectivos serán as seguintes:

A) PLANS PARA A REDUCIÓN DA SINISTRALIDADE LABORAL

- Plans de loita para a redución da sinistralidade laboral nas empresas galegas que concentran un maior índice de accidentes de traballo.
- Campañas técnicas de prevención de riscos laborais xunto coas asociacións representativas de sectores de alto risco dende o punto de vista da sinistralidade laboral, como a construción e o siderometal; con especial incidencia no risco de caída a distinto nivel, utilización de maquinaria e coordinación de actividades.
- Plan Galego para a prevención de riscos laborais no sector pesqueiro: impulso á xestión mancomunada dos recursos preventivos para o sector.
- Deseño dun marco de colaboración coas autoridades competentes en materia de tráfico para incidir sobre os accidentes de circulación durante a xornada de traballo. Apoio cunha campaña de concienciación adaptada ás realidades deses traballos.
- Deseño e posta en marcha dun programa para incidir nos accidentes laborais en xornada de traballo que teñen a súa orixe en atropelos ou golpes con vehículos (sector transporte, actividades de repartidores urxentes como pizzerías, subministradores de recambios, etc.)

B) PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN:

- Programa de sensibilización e asesoramento para a implantación da organización preventiva nas PEMES galegas en colaboración coas asociacións empresariais e sectoriais máis representativas.
- Incidencia na protección da seguridade e saúde dos traballadores autónomos de Galicia, co establecemento de liñas de colaboración coas asociacións e federacións de autónomos, dando cumprimento ao establecido na Recomendación do Consello de Europa.
- Programa de promoción da prevención de riscos laborais no agro galego, nas actividades de agricultura, gandería e forestal.

- Apoio á formación en prevención de riscos laborais, mediante convenios de colaboración coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, asociacións profesionais e outras entidades, así como o desenvolvemento do programa de formación dos catro Centros provinciais de seguridade e saúde laboral do ISSGA.
- Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os accidentes de traballo, as súas secuelas e os seus custos para estender a cultura da prevención en toda a sociedade, empezando polas empresas e os traballadores.
- Campañas publicitarias de sensibilización e concienciación en prevención de riscos laborais cunha mensaxe directa e clara sobre a prevención no traballo diario.
- Realización de campañas de sensibilización entre a poboación escolar, así como a edición de materiais específicos destinados ao alumnado de primaria, secundaria e formación profesional (campaña *Moito ollo, Contra Murphy e Escola de prevención*)

## INDICADORES

Beneficiarios/as	Homes	Mulleres
Programa para a adquisición de experiencia laboral para as persoas desempregadas	2.159	1.993
Programa para a adquisición de experiencia e fomento do espírito emprendedor	170	398
Escolas obradoiro, Casas de oficios e Obradoiro de emprego	1.709	2.175
Programa de adquisición de experiencias de desempregados: novos xacementos de emprego	482	349
Proxecto de fomento do espírito emprendedor: axentes de emprego e desenvolvemento local	109	195
Accións de formación continua (intermediación e inserción laboral)	11.000	20.000
Programa de orientación laboral do Servizo Público de Emprego	12.000	15.000
Plan de fomento da estabilidade no emprego	516	582

Beneficiarios/as

Medidas favorecedoras da inserción laboral de colectivos desfavorecidos: axudas á contratación e emprendemento

Empresas	Homes	Mulleres
3.826	4.081	4.846
224	128	96
300	350	450
105	316	200
382	1.118	689

Medidas favorecedoras da inserción laboral de colectivos desfavorecidos

Plan de mellora da empregabilidade de mozos/as

Medidas favorecedoras da conciliación da vida laboral e familiar

Proxecto de Integración laboral de persoas con discapacidade: contratación indefinida, emprego con apoio

Beneficiarios/as

Proxecto de Emprego de discapacitados con apoio promovido por entidades sen ánimo de lucro

Homes	Mulleres
60	60

Beneficiarios/as

Proxecto de Integración laboral de persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social

Empresas	Homes	Mulleres
20	150	150

Beneficiarios/as

Proxecto de Apoio ao emprego autónomo

Proxecto de Apoio ao emprendemento

Empresas	Homes	Mulleres
2.330	1.165	1.165
739	463	512

Actuacións de fomento da economía social (fomento do asociacionismo dos traballadores autónomos e profesionais ..... 15

Actuacións en materia de diálogo social dentro dos convenios coas asociacións impulsoras dos pactos territoriais de emprego ..... 16

Beneficiarios/as

Programa de Abono das cotas á Seguridade Social aos cotitulares das explotacións agrarias

Homes	Mulleres
50	250

Empresas beneficiarias de :

Axudas para o fomento da Responsabilidade Social das Empresas (RSE) ..... 50

Axudas para a implantación do Plan de Igualdade ..... 125

Axudas á creación de cooperativas ..... 200

Axudas a empresas de economía social. Plan Aurora ..... 800

Axudas á conciliación vida familiar e laboral.....	316
Campañas de comunicación e difusión da Escola cooperativa móbil e teleformación .....	5
Actuacións de asesoramento en seguridade laboral nos sectores de alto risco .....	1.700

Beneficiarios/as	Homes	Mulleres
Proxectos de formación de traballadores en paro	2.000	2.100
Proxectos de formación para o emprego de traballadores ocupados	10.000	14.000

Beneficiarios/as	Empresas	Homes	Mulleres
Formación prioritaria de desempregados	862	13.000	14.000

#### 4.- Cohesión e benestar social

Especial relevancia adquiren neste orzamento as políticas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, que se afrontarán desde a Consellería de Traballo e Benestar, a través dos **Plans fronte a crise: apoio ao benestar e as familias e Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia**, e dos seguintes Programas de Gasto:

<b>COHESIÓN E BENESTAR SOCIAL</b>		<b>Importe (M€)</b>
<b>Programas de gasto</b>		<b>577,0</b>
<b>4.1. Dependencia</b>		<b>248,1</b>
	<b>312D SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES</b>	<b>248,1</b>
<b>4.2. Servizos sociais</b>		<b>328,9</b>
	<b>311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>220,7</b>
	<b>312A PENSÍONS E PRESTACÍONS ASISTENCIAIS</b>	<b>35,9</b>
	<b>312B SERVIZOS SOCIAIS DE PRESTACÍONS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA</b>	<b>44,1</b>
	<b>312E SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE</b>	<b>3,6</b>
	<b>313C OUTROS SERVIZOS SOCIAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>24,7</b>

##### 1.- Ámbito de atención á dependencia.

Nesta ámbito se prevé unha incorporación de 12.000 novos dependentes para o ano 2010.

##### Obxectivos xerais:

- Implementación de medios tecnolóxicos e telemáticos, mantemento, mellora e reforzo dos equipamentos e das aplicacións informáticas,
- Incremento de prazas residenciais e de atención diúrna para persoas maiores e para persoas con discapacidade en situación de dependencia, así como centros de atención diúrna especializada, servizos de teleasistencia e axuda no fogar.
- Reforzo dos recursos dedicados a libranzas da dependencia, en particular as dedicadas ao asistente persoal , así como ao cuidador familiar.

- ❑ Creación dun fondo adicional complementario vinculado ao servizo de usuarios do cheque asistencial.
- ❑ Programa de formación a cuidadores habituais non profesionais de persoas en situación de dependencia.
- ❑ Programas de formación a profesionais do ámbito de actuación da Lei 39/2006, para autonomía persoal e atención á dependencia.
- ❑ Modificación e ampliación da normativa para a acreditación de centros e servizos para persoas maiores e/ou con discapacidade.

Para acadar estes obxectivos establécense diferentes obxectivos e liñas de acción:

**a. Coordinación de equipamentos e servizos para persoas maiores e con discapacidade.**

É necesario que o estado de benestar chegue realmente aos maiores, que as persoas de idade envellezan con seguridade e dignidade e que poidan continuar participando na sociedade como cidadáns con plenos dereitos. É dicir, mellorar a súa calidade de vida. Desde esta perspectiva, na área de maiores, os obxectivos son os seguintes:

- Planificación de recursos para atención á dependencia e promoción da autonomía.
- Coordinación, racionalización e optimización dos recursos existentes e incremento de novos recursos.
- Xestión dos recursos derivados do mantemento de prazas residenciais públicas e en forma de concertos.
- Apoio material e técnico aos centros de persoas maiores e persoas con discapacidade así como coordinación dos equipamentos necesarios.
- Fomento de creación de centros para a atención integral de persoas con discapacidade.
- Consolidar e aumentar a oferta pública de servizos sociais a través de concertos de prazas con entidades prestadoras de servizos sociais.

- Desenvolvemento dos programas de Dinamización, Atención e Promoción Social de Maiores
- Plan de acción para persoas con discapacidade.
- Programa de novas tecnoloxías aplicadas á asistencia e atención de colectivos de persoas maiores e de persoas con demencias.
- Programa de turismo social.
- Desenvolvemento de programas de respiro.
- Consolidación e ampliación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

**b. Prevención e promoción da autonomía persoal.**

En materia de prevención e promoción da autonomía persoal faise necesario, mellorar a calidade de vida dos colectivos que presentan déficits de autonomía. Os obxectivos que se establecen son os seguintes:

- Incremento do número de prazas residenciais a través de concertos con entidades prestadoras de servizos sociais, así como o mantemento dos recursos existentes.
- Consolidación da Rede Pública Galega de Centros de Día de atención as Persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.
- Creación de novos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal na modalidade de xestión propia ou concertada.
- Posta en marcha de Plans de Acción Galega sectoriais.
- Desenvolvemento de novas utilidades no programa de novas tecnoloxías, complementarios do servizo de teleasistencia domiciliaria: Instalación de dispositivos de localización de persoas con demencia leve ou moderada
- Desenvolvemento de programas de avellentamento activo que abarcarían os seguintes catro grupos: lecer e relación social; educación para a saúde, autocoidado, alimentación san e coidado físico; formación e novas tecnoloxías e diálogo entre xeracións, solidariedade e voluntariado.

- Mantemento da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios.
- Promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras.
- Reformulación do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal.
- Programa de acollemento familiar de persoas maiores e con discapacidade.

Partindo dos obxectivos anteditos, **as grandes liñas de acción** da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal para o exercicio orzamentario 2010 son as seguintes:

- ❑ Formación e reciclaxe continuo de todos os profesionais do ámbito dos servizos sociais, co fin de acadar unha boa atención, eficacia e rendibilidade nas actuacións.
- ❑ Desenvolvemento de actuacións de prevención da dependencia fomentando o envellecemento activo e a participación social e vida independente.
- ❑ Fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio aos seus cuidadores, contemplando medidas de mantemento no seu contorno así como aloxamentos alternativos .
- ❑ Dinamización e impulso de actividades para persoas con discapacidade en aras de acadar a súa integración sociolaboral.
- ❑ Incremento das dispoñibilidades da carteira de servizos e prestacións dispoñibles destinados a persoas en situación de dependencia mediante a creación e concertación de prazas en centros residenciais e de atención diúrna, a mellora no servizo de teleasistencia e o incremento dos recursos adicados á libranza da dependencia nas súas tres modalidades: vinculada ao servizo, para asistente persoal e cuidador familiar.
- ❑ Mantemento da dispoñibilidade residencial e de atención diúrna para a atención a persoas maiores e persoas con discapacidade con déficits de autonomía.
- ❑ Despregue de equipamentos e aplicacións de información e comunicación para favorecer a incorporación dos servizos na Sociedade da información.
- ❑ Reformulación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.



- Desenvolvemento de programas de calidade na prestación de servizos nos centros.

## 2.- Ámbito do apoio ao benestar e as familias

A través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar trátase de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

### **Ámbito do menor.**

A promoción e defensa dos dereitos da infancia, así como cantas actuacións de prevención en situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar, é a liña a seguir en canto a implantación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos programas que se dirixen aos menores.

Establécense como obxectivos básicos os seguintes:

- Sensibilizar á sociedade galega en prol dun cambio transversal de actitudes respecto dos valores familiares e educativos que temos que manter para frear o deterioro da forma de vida das familias e non se vexa reflectido na emerxencia de novos conflitos e condutas que poñen en risco os menores.
- Impulsar e coordinar todas as actuacións que se poidan requirir, tanto das administracións públicas como das entidades sociais, para asegurar o efectivo acceso aos seus dereitos, así como para garantir o paulatino incremento da calidade de vida de todos os nenos e nenas galegos, con especial incidencia na prevención e loita contra o maltrato e a explotación infantil.
- Promover todas as actuacións necesarias de carácter preventivo, sobre todo as de nivel primario, como forma de acadar que os/as menores permanezan no seu contorno.
- Asegurar a protección do neno/a ante situacións de desamparo.
- Priorizar ante estas situacións, tal e como establece a lexislación vixente, aquelas medidas que, mediante o apoio á familia de orixe, incrementen as posibilidades de permanencia dos menores no seu fogar.

- Potenciar a integración dos/as menores en familia, xa sexa biolóxica, extensa, allea, acollidora ou adoptiva, xa que é sempre, e por dereito, o contexto natural de crecemento para a infancia.
- Proporcionar información, formación e apoio aos menores próximos a súa maioría de idade, co fin de que poidan conseguir unha inserción socio-laboral plena, facilitando o desenvolvemento da súa independencia.
- Executar as medidas xudiciais orientadas sempre á integración social e familiar dos/as menores.
- Implantar programas e actuacións, que coordinadas coas doutros departamentos e administracións, favorezan a diminución da delincuencia xuvenil en Galiza.
- Responsabilizar aos menores en conflito social a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver tanto no seu entorno natural como nun centro axeitado ao réxime acordado polo xuíz de menores.
- Desenvolver novas infraestruturas especializadas para a atención de menores.
- Integrar a todos os menores protexidos e aos profesionais na sociedade da información, con programas de formación e implantación de calidade nos servizos.

#### **Ámbito dos servizos de atención primaria e inclusión social.**

Neste eido establécense os seguintes **obxectivos**:

- Reforzar de maneira substancial a cobertura e capacidade de resposta da rede de servizos sociais de atención primaria prestada polas corporacións locais de maneira concertada coa administración autonómica. Trátase de consolidar a participación dos concellos na implantación do sistema galego de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia, desenvolvendo servizos de proximidade.
- Consolidar os dispositivos creados no II Plan Galego de Inclusión social.
- Potenciar a investigación e sensibilización na área dos servizos sociais e da exclusión social.

- Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social sostidas con fondos públicos. Pretendese atender de forma coordinada e global ás novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da crise económica; mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles; garantir a calidade na prestación dos servizos; evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e dos propios afectados como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.
- Atender ao aumento do volume de solicitudes de RISGA e AES e ao correlativo incremento das altas na nómina de RISGA e de concesións de axudas de emerxencia social.
- Cubrir necesidades básicas de persoas xubiladas ou incapacitadas sen dereito a pensión mediante a tramitación das correspondentes prestacións non contributivas, así como atender as novas e emerxentes necesidades sociais de persoas en risco de exclusión mediante axudas de pagamento único.

Partindo dos obxectivos anteditos, as **grandes liñas de acción** no ámbito dos servizos sociais de atención primaria e inclusión social da Secretaría Xeral de Familia e Benestar para o exercicio orzamentario 2010 van ser as seguintes:

- Consolidación do II Plan Galego de Inclusión Social, no que se combinen as medidas de apoio das políticas de rendas mínimas con políticas activas de prevención e inclusión social adaptadas á realidade galega.
- Reforzo dos servizos comunitarios municipais no marco de implantación do sistema de atención á dependencia.
- Revisión e mellora da Renda de Integración social de Galicia no marco dunha nova Lei galega de Inclusión Social.
- Desenvolvemento de programas de calidade na prestación de servizos nos centros.
- Formación e reciclaxe continuo de todos os profesionais do ámbito dos servizos sociais, co fin de acadar unha boa atención, eficacia e rendibilidade nas actuacións que se desenvolven.

- Desenvolvemento de medidas dirixidas ao apoio ás familias con especial incidencia nas que están en situación de risco social, á protección da infancia e dos menores en situación de desprotección ou conflito social e doutros colectivos.

Parte destas situacións financiaranse co apoio dos fondos estruturais: FEDER (eixe 6.- Infraestruturas sociais) e FSE (eixe 2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres)

## INDICADORES

### DEPENDENCIA

Axudas concedidas.....	20.020
Novas prestacións concedidas .....	12.068
Número de prazas creadas en centros de atención á poboación dependente .....	1.274

	Homes	Mulleres
Dependentes coidados no seu contorno familiar	6.400	9.600
Dependentes usuarios/as do Servizo de axuda a domicilio	1.812	2.718

### SERVIZOS SOCIAIS

Axudas a entidades de iniciativa social, persoas maiores non dependentes e persoas en situación de dependencia .....	3.632
Novos servizos 065 para usuarios do Servizo galego de apoio á mobilidade persoal co que se acadará o número de 25.000 servizos ao mes .....	8.261
Familias beneficiadas dentro do Programa de apoio ás familias en situacións especiais (Programa de educación familiar).....	1.500
Axudas concedidas a coidadores habituais de persoas maiores e discapacitadas .....	472
Familias beneficiadas de Programas de atención ás familias, Conciliación de vida familiar e laboral e Centros de atención á primeira infancia, e Programa escolas de familias .....	18.474
Número de garderías infantís construídas .....	2
Número de prazas creadas en garderías infantís .....	162

Usuarios/as _ Beneficiarios/as	Homes	Mulleres
Usuarios/as atendidos/as no Plan Concertado de Prestacións Básicas	104.000	156.000
Novos usuarios/as do Servizo galego de apoio á mobilidade persoal	1.500	1.500
Beneficiarios/as da Axuda Emerxencia Social, FAS e RISGA	1.796	3.205
Beneficiarios/as dentro do Convenio de tutela de adultos FUNGA e Cruz Vermella	508	712
Beneficiarios/as da Axuda complementaria á dedución fiscal por fillos/as menores de tres anos	25.000	35.000

## 5.- Mobilidade e infraestruturas de transporte

Corresponde ás Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. xunto á Consellería do Mar.

MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS		Importe (M€)
Programas de gasto		503,3
5.1. Infraestruturas de transporte		440,7
	512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	419,3
	513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	21,4
5.2. Fomento do transporte público		62,6
	512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	62,6

### 1. Mobilidade e orientación viaria estratéxica

#### Obxectivos xerais:

- Posta en marcha do Plan de **Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (MOVE)**, elaborado co obxectivo de ordenar e xerarquizar a nosa rede de estradas, coordinar as iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal), mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e as grandes áreas industriais e loxísticas, situando ao 80% da poboación a menos de 10 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura. Sempre desde criterios de sostibilidade económica, social e ambiental.
- Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións, impulsando actuacións relevantes dentro deste período orzamentario:
  - Autovía Vilagarcía-Pontevedra. Treito Curro-Baión
  - Terceira rolda de A Coruña e Vía Ártabra.
  - Variante de Marín.
  - Vía de altas prestacións Sarria-Monforte.
  - Vía de altas prestacións Tui-A Guarda.
  - Circunvalación Leste de Ourense.
  - Vía de altas prestacións Brion-Noia.

-Vía de altas prestacións da Costa da Morte.

-Corredor do Norte Ferrol-San Cibrao.

- Programas de actuacións na rede de articulación territorial, con novas actuacións en vías estruturantes e complementarias:
  - -Novos eixes e variantes
  - -Plan de adecuación de Travesías
  - -Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais
  - Programa de Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.
  - Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade.
  - Desenvolvemento do Programa Galego de Seguridade Vial, cuxo obxectivo é a redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as consellerías.

Para acadar estes obxectivos establécense o seguinte conxunto de actividades:

- Desenvolvemento do Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica
- Coordinación dos instrumentos de planificación e xestión
- Fortalecer a rede Viaria de Altas Prestacións
- Supresión progresiva das peaxes da rede galega de autoestradas
- Construción de estradas na rede principal de articulación territorial
- Construción de estradas na rede complementaria de articulación territorial

- Construción de vías de conexión interior e de acceso ós ámbitos urbanos
- Execución de variantes
- Ensanche e mellora de trazado da rede de articulación territorial
- Acondicionamento e mellora da rede con baixa intensidade media diaria
- Actuacións en conservación e reforzo de firmes
- Eliminación dos tramos con concentración de accidentes

### **PORTOS DE GALICIA**

#### Obxectivos:

- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas para o transporte de mercadorías e pasaxeiros: Actuacións encamiñadas a desenvolver e potenciar o transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novos tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal.
- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura:.
- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias: Destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres. Entre estas últimas inclúense as de almacenaxe, loxística e distribución e reparación, levando consigo a xeración de máis emprego.
- Incremento do atractivo do litoral galego: Para potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se ubican os portos e desenvolver a industria auxiliar correspondente.
- Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias: Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental eficaz, partindo dunha experiencia

piloto, (Pobra de Caramiñal), onde se implantou o sistema EMAS de xestión medioambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos: Ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc.
- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos e mellora da seguridade: Facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas e incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias.
- Mellora da xestión organizativa do porto: Para poder conseguilo incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.
- Investigación en materia portuaria e marítima da implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información: Encamiñada ao estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (olas, correntes,...) que se complementa coa instalación de equipamento tecnolóxico para o coñecemento de factores climáticos, de marea,... e coa implantación de novas tecnoloxías de control de información.

## 2. Transporte público

### Obxectivos xerais:

- Actuacións para desenvolver unha política ferroviaria integral, comprendendo todas as posibilidades que ofrece este medio en Galicia (viaxeiros e mercadorías; transporte de proximidade e media distancia, nos ámbitos rural e urbano). Entre os obxectivos perseguidos, cabe subliñar o mantemento dunha rede convencional eficaz para dar saída ás mercadorías, con conexións aos principais portos e



centros loxísticos; a posta en marcha de servizos de proximidade e a creación do Ente Ferroviario Galego.

- Posta en marcha da segunda fase dos Plans de Transporte Metropolitano, aplicándoos nas 7 grandes áreas metropolitanas, con tarifas integradas e unha mellora xeral da oferta do transporte baseada en diversos modos.
- Impulsar o estudo, desenvolvemento e aplicación dun novo escenario normativo que permita actualizar a regulación do Transporte na nosa Comunidade Autónoma.
- Impulsar accións que favorezan que o sistema de transporte público responda ás necesidades de mobilidade da cidadanía, especialmente no ámbito rural, garantindo a viabilidade económica dos servizos ofertados.
- Proseguir na mellora de equipamentos vinculados ao transporte, que faga máis atractivo para os usuarios o uso do transporte público colectivo e contribúa ao seu fortalecemento (instalación de novas marquesiñas, identificador de paradas, plataformas reservadas, etc.).
- Planificar o desenvolvemento dunha rede intermodal de transporte de mercadorías, nas que os portos e as plataformas loxísticas constitúan os nodos sobre os que se realiza non só o intercambio modal, senón tamén operacións de tipo loxístico, con xeración de riqueza e emprego. Esta rede deberá deseñarse integrada noutras de maior alcance (autoestradas do mar, rede transeuropea de transporte intermodal, etc.), ao obxecto de potenciar o desenvolvemento industrial e contribuíndo á competitividade industrial, a complementariedade do sistema portuario e a eficiencia da distribución.
- Avance cos concellos para impulsar novas fórmulas de mobilidade nos contornos urbanos e rurais. Neste apartado cobra especial importancia a análise de viabilidade da futura implantación dos metros lixeiros nas cidades de Vigo e A Coruña, así como un plan director de mobilidade saudable, impulsando os desprazamentos peonís e en bicicleta.
- Novos convenios con Renfe, FEVE e a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, que permitirán mellorar o aproveitamento que os usuarios poidan facer por ferrocarril ampliando frecuencias, percorridos e servizos e, ademais, melloren a seguridade da rede ferroviaria coa paulatina supresión de pasos a nivel.

- Iniciar o estudo do mercado do transporte aéreo en Galicia (infraestruturas aeroportuarias, servizos ofertados e demanda existente), co obxectivo de establecer un marco de integración de infraestruturas e servizos que constituirá a base do futuro Sistema Aeroportuario de Galicia.

As principais **actuacións** son:

**Transporte ferroviario:**

- Acadar novos convenios con RENFE e FEVE, que permitan mellorar o aproveitamento dos servizos e melloren a seguridade da rede ferroviaria, coa paulatina supresión de pasos a nivel.
- Manter dunha rede convencional eficaz para dar saída ás mercadorías, con conexións aos principais portos e centros loxísticos.
- Planificar e propoñer a posta en marcha de servizos de proximidade.
- Crear o Ente Ferroviario Galego.
- Proseguir o desenvolvemento da implantación dos metros lixeiros nas cidades de Vigo e A Coruña.

**Transporte aéreo:**

- Iniciar o estudo do mercado do transporte aéreo, no marco do futuro sistema aeroportuario de Galicia (infraestruturas aeroportuarias, servizos ofertados e demanda existente).

**Transporte de mercadorías por estrada:**

- Promover o desenvolvemento dunha rede intermodal de transporte de mercadorías, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros para transportistas.
- Apoiar a modernización do sector do transporte por estrada.

**Transporte de viaxeiros por estrada:**

- Implantar a segunda fase do Plan de Transporte Metropolitano, aplicándoo nas 7 grandes áreas metropolitanas, con tarifas integradas e unha mellora xeral da oferta do transporte baseada en diversos modos.
- Mellorar os equipamentos vinculados ao transporte (instalación de novas marquesiñas, identificador de paradas, plataformas reservadas, etc.).

**Outras actividades:** Fomentar a mobilidade saudable, impulsando os desprazamentos peonís e en bicicleta.

Parte destas actuacións se financiarán coa axuda do Programas operativos FEDER de Galicia, principalmente co eixe 4.- Transporte e enerxía, e o eixe 5.- Desenvolvemento local e urbano.

## INDICADORES

### INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE

#### Actuacións en Vías de Altas Prestacións:

Quilómetros de autovía e/ou autoestrada .....	10
Quilómetros de novas estradas .....	2
Quilómetros de estradas reconstruídas .....	2

**Actuacións na rede de articulación territorial**, en vías estruturantes e complementarias, en medios urbanos, mantemento e conservación de estradas galegas, programa galego de seguridade vial:

Quilómetros de autovía e/ou autoestrada .....	3
Quilómetros de novas estradas .....	18
Quilómetros de estradas reconstruídas .....	255

#### Actuacións de infraestrutura en portos:

Superficie afectada .....	52.875 Ha
(remodelación en instalacións náutico-deportivas en distintos portos: Boiro, Muxía, Ortigueira, Foz e Sanxenxo)	
Dragados .....	193.066 m <sup>3</sup>

#### Actuacións desenvolvidas en portos.....

Portos (e lugares de desembarque) modernizados .....	202
Liña de atraque .....	350 m
Lonxitude de diques .....	416 m
Urbanización e acondicionamento de zona .....	12.285 m <sup>2</sup>

### FOMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO

Áreas de estacionamento de autobuses .....	12
Vehículos adquiridos para o transporte público .....	5
Infraestruturas multimodais creadas .....	3
(Comarcas de Ferrol e O Condado)	

## 6. Economía do coñecemento

### ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Importe  
(M€)

Programas de gasto		185,0
6.1. Plan galego de I+D+i		84,8
561A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	84,8
6.2. Investigación universitaria		49,6
561B	INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	49,6
6.3. Sociedade da información		50,6
571A	FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	50,6

### 1. Investigación, desenvolvemento e innovación

Obxectivos xerais:

- O obxectivo xeral é impulsar o crecemento económico e social de Galicia a través da I+D+i, cuxo eixe principal sitúase no Plan Galego de I+D+i que está orientado ao establecemento de medidas para incentivar as actividades de investigación dos axentes do Sistema Galego de I+D, vertebrar o sistema e desenvolver dunha maneira eficaz e completar o potencial investigador e innovador especialmente no tecido industrial galego, así como á mellora da dotación da infraestrutura tecnolóxica existente na nosa Comunidade Autónoma, sobre todo nos sectores estratéxicos para Galicia establecidos no dito plan.
- A execución do Plan Galego de I+D+i 2006-2010, constitúe a ferramenta imprescindible para proporcionarlle ás políticas públicas de I+D+i o pulo necesario para achegarnos aos indicadores dos países máis desenvolvidos en termos de PIB, insistindo nos seguintes campos:
  - O fomento da I+D+i empresarial.
  - Apoio á creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica e plataformas tecnolóxicas.

**Actividades.** Entre as principais actividades neste eido a desenvolver pola DX de Investigación e desenvolvemento, figuran:

- Axudas para á investigación empresarial que favorezan a investigación aplicada susceptible de ser transferíbel aos principais sectores da economía galega, tendo en conta o seu carácter estratéxico e os obxectivos de calidade e articulación do sistema de I+D.
- Axudas para promover o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas, participación noutros programas, mobilidade, etc.
- Apoio á creación, equipamento, desenvolvemento e consolidación de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica, servizos, unidades e plataformas tecnolóxicas
- Contratos Programa para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do Sistema Galego de I+D+I, en función de obxectivos preestablecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do noso tecido empresarial.
- Accións de promoción, divulgación e sensibilización social para achegar a todos os niveis da sociedade as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica executadas ou promovidas en Galicia.
- Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o financiamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.
- Axudas ás actuacións que contribúen a engadir valor ao resultado xerado pola actividade investigadora do Sistema Público de I+D, apoiando a organización produtiva de grupos de investigación, a valorización de tecnoloxías, e o desenvolvemento de servizos de xestión e promoción do coñecemento
- Participación no capital fundacional e no sustento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, centros tecnolóxicos, sociedades e entes públicos ou privados localizados no entorno do sistema galego de I+D.

- Axudas para promover e apoiar a investigación aplicada nas tecnoloxías sectoriais nos centros tecnolóxicos e centros públicos de investigación de Galicia.

No eido da **investigación universitaria** as actuacións oriéntanse ao fomento da investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico a realizar nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia, encadradas no Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2005-2010 co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as unidades de investigación no sistema público de I+D, a través de instrumentos que potencien a organización competitiva e da dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade dos resultados e no alcance e impacto da produción científica.

Entre as **actividades** a desenvolver figuran:

- Axudas para promover e incentivar o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas científicas e tecnolóxicas, de contratos programa, da participación noutros programas, mobilidade de investigadores e tecnólogos, publicacións, estadías, etc.
- Axudas para promover e apoiar a investigación aplicada nas tecnoloxías sectoriais do sistema público universitario de investigación.
- Axudas para promover e apoiar a investigación básica no sistema universitario de I+D.
- Accións de apoio ao desenvolvemento da carreira científica e tecnolóxica en todas as etapas: formación, incorporación e consolidación no sistema público de investigación.
- Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación e estruturas de colaboración permanente, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o financiamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.

- Fondo de calidade, para dar continuidade ao financiamento que as universidades reciben da Xunta de Galicia.

Na **investigación sanitaria** as actuacións van dirixidas ao desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do Sistema Sanitario Publico cara á excelencia científica e para a mellora da saúde dos cidadáns.

Entre as **actividades** figuran:

- Aumentar a implementación do plan de investigación do sistema sanitario publico galego
- Implantar e desenvolver un sistema integral de xestión da información en relación coa actividade de I+D+i en saúde en Galicia que permita o seguimento e avaliación con criterios homoxéneos
- Articular o sistema de I+D+i do Sistema Sanitario Publico Galego en torno ao Instituto Galego de Investigación Sanitaria como órgano de coordinación das demais estruturas dedicadas á investigación nas áreas sanitarias. Promover a maior competitividade da I+D+i en saúde, con criterios de transparencia e desenvolvemento harmónico.
- Establecer un sistema integral de xestión da investigación clínica (ensaos clínicos, entre outros) desenvolva no sistema sanitario que permita un seguimento en tempo real e a identificación das áreas de mellora. Potenciar a investigación clínica de calidade, sobre todo nas patoloxías máis prevalentes na nosa poboación.

## 2. Sociedade da información

No marco da Estratexia de Lisboa xorde o documento “2010 Unha Sociedade da Información para o crecemento e o emprego”, que recolle como obxectivo xeral:

Acadar definitivamente a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital, contribuindo de xeito decisivo na xeración dunha **economía do coñecemento** que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

Entre as **actividades** deseñadas para acadar o obxectivo final, sinálanse as seguintes:

- Elaboración do Plan estratéxico Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia.

Definición do modelo xeral de organización das TIC na Xunta de Galicia, que debe dar resposta aos novos criterios estratéxicos, orgánicos e de funcións. Así mesmo, debe identificar as liñas estratéxicas de desenvolvemento dos sistemas de información, das redes de comunicacións, e a súa extensión á administración pública e a sociedade galega. Entre os proxectos vinculados con este plan sinálanse os seguintes:

- Impulso de servizos e desenvolvemento de proxectos de administración electrónica da Xunta de Galicia
  - Control periódico hardware e software – adquisición de equipamento.
  - Adquisición de equipamentos ofimáticos de implantación de administración electrónica.
  - Modernización administrativa e mellora da calidade na administración da Xunta.
  - Factura electrónica (CIXTEC).
- Execución do Plan de novas tecnoloxías na Administración de Xustiza

O Plan estrutúrase en catro liñas de actuación: a finalización dos procesos de implantación que xa estaban iniciados irá acompañada dunha análise detallada das carencias que estes sistemas presentan; a seguridade; a estabilidade e continuidade dos servizos actuais, tanto a nivel de infraestruturas como de servizo de soporte en relación cos usuarios; e a dinamización e o uso axeitado dos sistemas de información.

Unha actuación fundamental que se inicia dentro deste marco de actuacións é a elaboración dun **Plan Integral de Sistemas de Información no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia**. Este plan abordará unha análise integral da situación actual en canto á adecuación dos sistemas dispoñibles ás necesidades reais, encargarse de definir o modelo marco de sistemas de información da



Administración de Xustiza, e formulará unha evolución dos sistemas en función das necesidades dos novos modelos organizativos da administración de xustiza.

- Desenvolvemento do Plan Director de Telecomunicacións.

Elaboración dun Plan Director de Telecomunicacións no que se contemplan todas as necesidades de acceso aos servizos da Sociedade da Información de todos os cidadáns, empresas e administracións públicas de todo o territorio pertencente á Comunidade Autónoma.

O plan de investimentos disposto para os próximos anos en materia de despregue de infraestruturas debe dar resposta á situación actual de Galicia, na que xogan un papel importante a dificultade da orografía, a dispersión da poboación, a distribución da actividade empresarial e o actual retraso en materia de desenvolvemento da Sociedade da Información.

